

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 30 de XULLO de 2004**

ORDE DO DÍA dos asuntos a tratar na Sesión Plenaria Ordinaria, que se celebrará o vindeiro venres, 30 de xullo de 2004, ás DEZAOITO HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.- Aprobación da acta anterior, nº 8/04, correspondente á sesión celebrada o día 25 de xuño de 2004.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 9.200 á 11.399.
- 3.- Proposición da Presidencia sobre o cambio de data do pleno ordinario de agosto.
- 4.- Proposición da Presidencia de aprobación do convenio para a execución do proxecto europeo “Asociar estratexias urbanas e rurais para conquistar o emprego”

Economía, Facenda e Especial de Contas

- 5.- Expediente de modificación de créditos nº 2/04, recoñecemento extraxudicial de créditos e ampliación das subvencións nominativas recollidas na base 47ª de Execución do presuposto provincial do exercicio 2004.

Cooperación e Asistencia a Concellos

- 6.- Modificación do POS 2004 por cambio de obras do Concello de Carnota.
- 7.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Afirmado e mellora de camiños rurais nas parroquias de Sofán e Rus” do Concello de Carballo, incluída no POS 2002. Código 02.2100.0072.0.
- 8.- Aprobación da modificación do proxecto da obra “Nave servizos municipais en Alimpadoiros (1ª fase)” do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluída no POS 2004. Código 04.2100.0279.0.
- 9.- Aprobación do proxecto de remate da obra “Edificio servizos múltiples” do Concello de Muxía, incluída no Programa operativo local 2002. Código 02.2300.0078.0.

10.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Ampliación colectores saneamento Bembibre Pl.” do Concello de Val do Dubra, incluída con carácter plurianual no Programa operativo local adicional 1/2003 e POL 2004. Código 03.2301.0118.0.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

11.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Afirmado e mellora da capa de rodaxe dos camiños rurais nas parroquias de Ardaña, Entrecruces, Noicela, Oza, Rus e Sofán, do Concello de Carballo, incluída no Plan XXI de infraestruturas locais de transporte e de travesías municipais 2003, co código 03.3800.0030.0.

12.- Aprobación do proxecto reformado da obra Pavillón Polideportivo nas Pontes, do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluída na 1ª fase da anualidade 1999 do Plan 2000 deportes 1998-2001, co código 99.3420.0116.7.

13.- Aprobación do proxecto reformado do segundo proxecto de remate da obra “Instalación de remo e piragüismo na praia de Tapia do Concello de Ames, incluída na 2ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes co código 98.3420.0005.0.

14.- Aprobación do II Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cerceda para realizar obras de infraestrutura na anualidade 2004 no municipio de Cerceda.

15.- Aprobación do proxecto de remate da obra “Pavillón Polideportivo Lamas de Castelo”, do Concello de Carnota, incluída na 2ª fase do Plan 2000 deportes-anualidade 1998, co código 98.3420.0022.0.

16.- Aprobación do proxecto actualizado de obras complementarias no Pavillón de Carnota, do Concello de Carnota, incluída no Convenio Xunta-Deputación de instalacións deportivas 1997-2001, co código 99.7450.0005.0.

17.- Expediente de desafectación de parte do edificio “La Milagrosa” para a ampliación do Centro Xerontolóxico e iniciación de trámites para a cesión de uso. (3ª cesión).

18.- Convenio de colaboración coa Universidade da Coruña para a utilización de uso de espazos do Colexio “La Milagrosa” para impartir os estudos universitarios de Relacións Laborais (ampliación de cesión).

19.- Proxecto reformado da obra “Rehabilitación do adro da Igrexa Monteagudo” Concello de Arteixo, incluída na 7ª fase do Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular.

Infraestruturas viarias: Vías e Obras provinciais

20.- Aprobación provisional da 1ª fase do Plan de travesías 2004 e solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras.

21.- Aprobación técnica do proxecto reformado da Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 3203 Burricios a Penamartín desde o P.K. 0 até o P.K. 6,38, Oza dos Ríos e solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras.

22.- Aprobación do proxecto reformado da Ampliación e mellora do trazado na E.P. 0301 Parada a Congosto por Ponte Aranga P.K. 8,300 a 11,570, Aranga.

Deporte, Xuventude e Medio Ambiente

23.- Proposta de aprobación do proxecto modificado instalación Protección Civil de Cerceda.

24.- Proposta de aprobación do proxecto modificado instalación de Protección Civil de Narón.

25.- Proposta de concesión de subvencións nominativas a entidades deportivas da provincia, relación nº 2/2004.

26.- Toma de coñecemento da xustificación do anticipo prepagábel á Axencia Española de Cooperación Internacional para axuda ao Salvador.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

27.- Modificación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela para financiar a construción dun viveiro empresarial e a posta en marcha de programas de formación.

Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico

28.- Proposta de concesión de subvencións nominativas a asociacións de veciños de concellos da provincia de máis de 50.000 habitantes.

Persoal e Réxime Interior

29.- Designación de representante da deputación na Xunta Distribuidora de Herdanzas do Estado.

30.- Designación de representante da deputación na Comisión de Seguimento do convenio entre o IMSERSO, a FEMP e esta deputación para a implantación do Servizo Provincial de Teleasistencia nos concellos da provincia.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

| | |
|------------------------------|------|
| DONA PILAR SOUTO IGLESIAS | PSOE |
| DON MANUEL TABOADA VIGO | PP |
| DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER | PP |
| DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS | BNG |
| DON PABLO VILLAMAR DÍAZ | BNG |

Non asiste o Sr. Campo Fernández.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o viceinterventor, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás dezaioito horas, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, Nº 8/04, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE XUÑO DE 2004.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 8/04, correspondente á sesión celebrada o día 25 de xuño de 2004.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 9.200 Á 11.399.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 9.200 á nº 11.399.

3.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DE AGOSTO.

Sr. secretario

Neste punto, igual ca no seguinte, debe ratificar o Pleno a inclusión do asunto na orde do día con carácter previo ao pronunciamento sobre o fondo do asunto.

Por unanimidade, ratifícase a inclusión deste punto na orde do día.

ACORDO

“Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da

Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF) atribúelle ó Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que o mes de agosto coincide coas vacacións da maioría dos deputados e funcionarios, e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ó Pleno na data prefixada do día 27 de agosto.

Polo tanto, e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión plenaria do 3 de decembro de 2003,

PROPONLLE Ó PLENO, logo da ratificación previa da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ó oitavo mes de 2004 celebrarase o día 17 de setembro, venres, a partir das dezoito horas”.

4.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA DE APROBACIÓN DO CONVENIO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO EUROPEO “ ASOCIAR ESTRATEXIAS URBANAS E RURAIS PARA CONQUISTAR O EMPREGO”

Por unanimidade, ratifícase a inclusión deste punto na orde do día.

INTERVENCIONES

Sra. Cea Vázquez

O noso grupo, o BNG, queriamos dicir que a nosa postura neste punto 4º vai ser a abstención, motivada por estar diante dun proxecto europeo que, para o noso grupo, preséntanos serias dúbidas principalmente sobre o proceso que se seguiu, sobre a natureza e sobre a finalidade dese proxecto, motivos polos cales decidimos que o noso voto sexa a abstención.

VOTACIÓN

| | |
|------------------|----------------------------------|
| Votan a favor: | 25 deputados (14- PP e 11- PSOE) |
| Votan en contra: | Ningún. |
| Abstéñense: | 5 deputados (BNG) |

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Vista a comunicación efectuada pola Dirección Xeral de Emprego e Asuntos sociais da Comisión Europea, en relación coa execución do proxecto “Asociar estratexias urbanas e rurais para conquistar o emprego”, financiado polo Fondo Social Europeo, na liña “Artigo 6, Accións Innovadoras”, chamada para propostas VP/2001/017 e convenio da VS/2003/0381 Comisión Europea-Deputación da Coruña, no que se lle solicita información sobre o estado de execución do citado proxecto antes do 1 de agosto.

Tendo en conta que o expediente administrativo que contén a proposta de aprobación dun convenio de colaboración que posibilita a execución do proxecto “Asociar estratexias urbanas e rurais para conquistar o emprego”, xa ten os informes favorables da unidade administrativa xestora, da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, faltando unicamente o ditame da Comisión Informativa correspondente.

PROPONLLE Ó PLENO, logo da ratificación previa da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“Aprobación do Convenio para a execución do Proxecto europeo: “Asociar estratexias urbanas e rurais para conquistar o emprego”, co seguinte texto:

CONVENIO DE COLABORACIÓN
entre a Deputación Provincial da Coruña e a
Asociación para o Desenvolvemento dos Territorios pola Acción Local, Federación
de Escolas Familiares Agrarias de Galicia e Fundación de Estudos e Análises
A Coruña, de de dous mil catro

REUNIDOS

Dunha parte, o Ilmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra, os señores D. Joaquín Herreros Robles, en representación da Asociación para o Desenvolvemento dos Territorios pola Acción Local (ADTERRA); D. Enrique Rodríguez Rendo, en representación da Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia (FEFAGA); e D. Ángel Julio Sanpedro Millares, en representación da Fundación de Estudos e Análises (FESAN).

Todas as partes actuando para e por conta das entidades que representan, no exercicio das funcións e poderes que legalmente posúen e mutuamente se recoñecen,

EXPOÑEN

Primeiro:

A Deputación da Coruña, en adiante deputación, que ten atribuída legalmente a competencia de fomento dos intereses da provincia, consciente da importancia que para o desenvolvemento social e económico do seu territorio ten a participación de entidades públicas e privadas nos programas europeos, apoia a execución de proxectos comunitarios que axuden a mellorar a renda e a calidade de vida dos habitantes das zonas da provincia con menos recursos, asegurando a conservación do espazo e dos recursos naturais.

A Asociación para o Desenvolvemento dos Territorios pola Acción Local, en adiante ADTERRA, é unha asociación galega sen ánimo de lucro que ten como obxecto social promover o desenvolvemento rural.

A Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia, en adiante FEFAGA, é unha organización non gobernamental para o desenvolvemento sen ánimo de lucro, e entre os seus fins figuran os de fomentar o desenvolvemento rural e o de áreas urbanas deprimidas, a solidariedade, o desenvolvemento endógeno e a mellora do medio natural. E,

A Fundación de Estudos e Análises, en adiante FESAN, é unha fundación de interese galego que ten por fins, entre outros, a organización de actividades docentes relacionadas cos aspectos estratéxicos do desenvolvemento de Galicia, e a elaboración de estudos de carácter xurídico, socioeconómico e sociolóxico.

Segundo:

Todas as partes intervenientes están a desenvolver na actualidade proxectos de promoción de emprego e inserción social.

Terceiro:

A Deputación da Coruña considera de máximo interese levar a cabo conxuntamente coas entidades citadas o proxecto “Asociar estratexias urbanas e rurais para conquistar o emprego”, aprobado pola Dirección Xeral de Emprego e Asuntos Sociais da Comisión Europea, para o que se lle concedeu unha subvención con cargo ás Accións Innovadoras, do Artigo 6 do Fondo Social Europeo de 657.318,27€, cun orzamento total de execución de 927.773,72€.

Sendo todas as institucións conscientes da necesidade de impulsar a práctica de novas estratexias na loita contra o desemprego, que apoiem o desenvolvemento endógeno e sostido na provincia da Coruña e de asegurar a xestión de programas con financiamento europeo, establecen un acordo de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO.

Realizar a acción financiada con cargo ao Artigo 6 “Accións Innovadoras” do Fondo Social Europeo .“Asociar estratexias urbanas e rurais para conquistar o emprego”, aprobado pola Dirección Xeral de Emprego e Asuntos Sociais da Comisión Europea,

SEGUNDA: FINANCIAMENTO.

A cobertura financeira do proxecto será a seguinte:

| ENTIDADES | ACHEGAS | % |
|---------------------|----------------|----------|
| Comisión Europea | 657.318,27€ | 70,85 |
| Deputación A Coruña | 225.379,55€ | 24,29 |
| Adterra | 15.025,30€ | 1,62 |
| Efas | 15.025,30€ | 1,62 |
| Fesan | 15.025,30€ | 1,62 |
| Total Proxecto | 927.773,72€ | 100 |

Se para a realización do obxecto do presente Convenio, calquera das entidades recibise subvencións doutras entidades públicas ou privadas que en concorrencia coa concedida superase o total do custo da actividade, a achega da deputación minorarase en cantidade equivalente ao dito exceso.

TERCEIRA: XESTIÓN DO PROXECTO

Con independencia das tarefas que desenvolvan todos os socios do Proxecto, relacionadas no propio Proxecto, teranse particularmente en conta as seguintes consideracións:

A titularidade correspóndelle á Deputación da Coruña, entidade que ademais realizará as tarefas de prestar a conformidade aos gastos, supervisión xeral e desempeño da representación, principalmente nas relacións coa Dirección Xeral de Emprego da Comisión Europea. Estas tarefas encoméndanse dentro da deputación ao servizo de Planificación e Control / Info-Point Europa.

As tarefas de dirección e coordinación corresponderán a Joaquín Herreros Robles, da entidade Adterra.

As tarefas de administración xeral serán realizadas por Fesan, incluíndose dentro destas tarefas a xestión económico-financiera. Fesan será a responsábel de remitirle á Deputación as contas de gastos e pagamentos mensuais ou/e trimestrais detalladas e debidamente documentadas, así como de preparar as contas xustificativas que teñan que remitirse á Dirección Xeral de Emprego e Asuntos Sociais da Comisión Europea.

As tarefas que se van realizar no Proxecto e as responsabilidades asumidas polos socios especificanse no texto do propio Proxecto, que se incorpora como anexo ao presente convenio.

CUARTA: DOS GASTOS E PAGAMENTOS DO PROXECTO

Todos os gastos do proxecto axustaranse ao explicitado no convenio de subvención asinado pola Comisión Europea.

En todo caso, a xestión do proxecto acomodarse ao disposto no convenio regulador da subvención europea aprobado pola Comisión o 20 de novembro de 2003 (Nº de referencia do convenio de subvención: VS/2003/0381; Nº de contrato: SE2.361746). Será normativa legal a ter especialmente en conta a que resulta aplicábel pola percepción e xestión de fondos europeos e provinciais.

Todos as propostas de gasto que as entidades socias realicen con cargo ao proxecto que excedan de 300 € informaranse previamente e de maneira favorábel polo servizo de Planificación / IPE.

O fluxo financeiro, no que se refire ás relacións deputación e entidades socias, será responsabilidade da entidade Fesan. Co obxecto de facilitar os labores de comprobación, a entidade Fesan abrirá unha conta bancaria propia para o Proxecto. Os intereses xerados na dita conta destinaranse directamente ao financiamento do Proxecto.

A elaboración das contas xustificativas para remitirle á Comisión Europea serán elaboradas por Fesan e conformadas e remitidas pola deputación.

QUINTA: FORMA DE PAGAMENTO DAS ACHEGAS EUROPEA E PROVINCIAL.

As achegas do F.S.E. e provincial libraranse con cargo á aplicación orzamentaria 0104/322J/489.99, unha vez remita a entidade administradora do proxecto á deputación, a conta mensual detallada de gastos e pagamentos referidos exclusivamente ao Proxecto.

Despois da sinatura do Convenio, a deputación transferirá á conta corrente do Proxecto un importe equivalente ao 5% do orzamento deste. Para tal efecto, a entidade administradora constituirá previamente unha garantía por importe idéntico ao anticipo que se vai percibir. Procederá a devolución ou cancelación da garantía prestada coa aprobación da última das certificacións de gastos presentada.

Das contas de gastos presentadas, a deputación transferirá a Fesan o 95,14% do importe delas.

As contas deberán aprobarse por resolución da Presidencia logo dos informes favorábeis previos de Planificación e Control /IPE e a Intervención Xeral.

As contas detalladas dos gastos e pagamentos realizados constarán, como mínimo, da seguinte documentación:

- 1º. Informe sobre a marcha das actuacións.
- 2º. Certificación de gastos/pagamentos realizados.

3º. Relación detallada e ordenada de gastos/pagamentos debidamente xustificadas con facturas orixinais e comprobantes bancarios.

4º. Declaración de concesión ou percepción de subvencións ou achegas públicas ou privadas para a mesma finalidade, para os efectos da aplicación do disposto no apartado 2º da cláusula segunda.

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto, minorarase a achega da deputación de acordo coa porcentaxe de financiamento indicado na cláusula segunda, parágrafo relativo ás porcentaxes de financiamento provincial. No caso de que os gastos xustificadas fosen superiores, a achega da deputación non superará a cantidade indicada na citada cláusula.

SEXTA: COMITÉ DE XESTIÓN DO PROXECTO

Coa finalidade de executar adecuada e coordinadamente o Proxecto constituirase un Comité de Xestión de Proxecto que, presidido polo presidente da deputación ou persoa en quen este delegue, estará integrado por un representante de cada unha das entidades socias. Asistirá ás reunións do Comité, en calidade de secretario deste, un técnico do servizo de Planificación e Control.

Corresponderalle ao Comité de Xestión tomar as decisións que poidan ser consideradas principais para a execución do Proxecto e decidir nos casos de discrepancias en relación á aplicación dos criterios de xestión.

Con carácter ordinario, o Comité reunirse, polo menos, unha vez ao trimestre constando na orde do día a toma de coñecemento da memoria de xestión do período correspondente.

Con carácter extraordinario, o Comité poderá reunirse por pedimento de calquera das entidades socias con indicación dos asuntos que se han tratar.

A convocatoria das reunións do Comité realizaraas o seu secretario.

SÉTIMA: DIRECCIÓN TÉCNICA.

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao Servizo de Planificación e Control / IPE.

OITAVA: NATUREZA XURÍDICA.

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que xurdisen en relación con este será competencia da xurisdición contencioso administrativa. Para a resolución de dúbidas ou lagoas que xurdan na súa interpretación estarase ao disposto na Lei de 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

NOVENA: VIXENCIA.

O presente convenio terá vixencia durante o período previsto para a execución do Proxecto: 24 meses contados desde a data de comezo da acción, 30 de novembro de 2003. En todo caso, o convenio rematará co cumprimento íntegro do obxecto previsto nel.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación
Asdo. Salvador Fernández Moreda
O secretario xeral
Asdo. José Luis Almau Supervía

5.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2/04, RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS E AMPLIACIÓN DAS SUBVENCIONES NOMINATIVAS RECOLLIDAS NA BASE 47ª DE EXECUCIÓN DO PRESUPUESTO PROVINCIAL DO EJERCICIO 2004.

INTERVENCIONES

Sr. Lagares Pérez

Imos debater o Expediente de modificación de créditos nº 2 do correspondente exercicio 2004, que supón o montante de algo máis de 10 millóns de euros. Atinxe a aspectos orzamentarios en xeral, a recoñecemento extraxudicial de créditos, e incorpora subvencions nominativas ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencions, que, como saben vostedes, entrou en vigor o mes pasado de febreiro.

O financiamento deste expediente é, fundamentalmente, con remanente de tesourería para gastos xerais, e un pequeno cambio de partidas de baixas por anulación, que é unha participación pequena, moi pequena, de 868.000 euros.

E xa en relación ao gasto, direi que a liña filosófica deste equipo de goberno é a que vimos manifestando no primeiro expediente, é dicir, gastar menos para facer máis e mellor; a institución provincial ten que ser, como "concello de concellos", unha institución que ten que actuar de forma obxectiva, de forma cooperativa, e de forma solidaria.

Teño que dicir que este expediente cumpre cunha serie de compromisos alcanzados con anterioridade, non se nos escapa que en exercicios pasados, e que algúns están en vigor, dado que se está en construción, caso do Recinto Feiral da

Coruña, incorpórase o remanente correspondente ao ano 2003; o Polígono do Tambre, mercé a un acordo alcanzado no pasado mes de novembro e onde lle corresponde á deputación a cuarta parte; a Orquestra Sinfónica de Galicia, en virtude dunha sentenza de obrigado cumprimento por esta institución, o canon e unha serie de reformados, de complementarios, e de liquidacións de distintas obras e de distintos proxectos aos que nos referiremos ao longo deste debate.

Podemos definir este expediente, fundamentalmente, como investidor e externo. Dicimos investidor e externo porque vai fundamentalmente aos capítulos VI, VII e VIII; o capítulo VI de investimentos propios, o capítulo VII de transferencias de capital aos concellos ou a familias e institucións sen ánimo de lucro, e o capítulo VIII, que por técnica orzamentaria, como saben as señoras e señores deputados, corresponde a un millón de euros do recinto feiral e que vai trasladar este capítulo, repito, por técnica orzamentaria e para favorecer o tema do imposto do valor engadido da institución á que vai dirixida.

Todo isto significa preto de 9 millóns de euros, quere dicir o 87% deste expediente de modificación de créditos, resúmese doadamente: de cada 100 euros 87 van dirixidos a investimentos propios da institución, ou a transferencias externas de capital, a concellos, ou a familias e institucións sen fins de lucro, que logo se verán resoltas tamén, como saben as deputadas e deputados, en distintos investimentos ao longo da provincia.

Quero destacar tamén que os distintos capítulos orzamentarios, o capítulo II representa o 6,5%, con dous aspectos puntuais, como son o complemento de actuacións teatrais nos concellos da provincia e 202.000 euros para turismo para elaborar estudos estratéxicos ao longo da provincia.

Dentro das partidas máis destacadas, que non as vou citar todas, dado que as señoras e señores deputados teñen a disposición a distinta documentación, si quería sinalar algunhas delas, por exemplo os complementos de persoal, no capítulo I, para se facer cargo da partida de persoal laboral temporal. Dentro do capítulo de transferencias correntes supleméntanse 200.000 euros para acción comunitaria, 114.000 euros para programas de animadores deportivos municipais, xa que algúns concellos quedaban sen a oportuna subvención neste aspecto. E xa entón en investimentos propios, como dicía antes, é o aspecto máis destacado. Quédannos pendentes un pouco máis de 500.000 euros para trámites de expropiacións, remanentes pasados de Arquitectura popular e de suplementos no Fogar Infantil de Ferrol, ou ben no Fogar "Emilio Romay", e sobre todo no aspecto de plans e cooperación a municipios, tanto nos Programas de deportes da Xunta coa Deputación, como na Rede viaria local, como no POL, que significan preto de 4.000.000.- de euros, e que é un montante importante esta contía.

Xa en transferencias de capital destacaríamos o suplemento de 450.000 euros ao Consorcio Provincial de Bombeiros, coa finalidade de que no próximo exercicio entren en vigor os parques de bombeiros de Betanzos e As Pontes, é necesario sacar a licitación, neste caso penso que a motobomba de Betanzos xa debe de ter referencia no Boletín Oficial do Estado, pero falta aínda a das Pontes e é necesaria a súa suplementación; e unha partida de crédito para o saneamento de xaneiro a xuño en Porto do Son, que corresponde a un pasado Plan de infraestruturas do ano 2000, e que estaba pendente, que foi recuperado na súa maior parte.

Este expediente tamén se caracteriza pola súa visión de política social, sen dúbida, tratamos de dirixir este equipo de goberno a colectivos, a colectivos desfavorecidos, unha serie de subvencións que serven para dar un impulso á política de servizos sociais na provincia, á Cruz Vermella, ao Comité Antisida, á asociación Paideia, á asociación Síndrome de Down" de Santiago, á asociación de minusválidos da Nosa Sra. de Chamorro, son algúns colectivos beneficiados neste aspecto, que indubidabelmente se busca con eles unha mellora para todas estas persoas que reciben, ou teñen que recibir, un tratamento moi especial.

Indicar que cumprimos co obxectivo da estabilidade orzamentaria ao non producirse ningún endebedamento da institución neste expediente de modificación de créditos.

E nesta primeira intervención, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, xa vou acabando e sacando as conclusións a que me referín nesta miña intervención no nome do equipo de goberno, en que este expediente, que é investidor externo, de cada 100 euros 87 van dirixidos a investimentos ou transferencias. Cumprimos con compromisos, con moitos compromisos alcanzados con anterioridade, mantemos a estabilidade orzamentaria, e buscamos a mellora nos servizos que van satisfacer a calidade de vida de moitos cidadáns desta provincia.

Por todo iso, solicitamos do grupo popular o voto afirmativo a este expediente. Máis nada, de momento, e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Pola nosa parte cremos que a nosa posición ten que ser resultado dunha análise pormenorizada do expediente que se formula hoxe á aprobación desta deputación. Este expediente de modificación de créditos comprende trece créditos extraordinarios e trinta e cinco suplementos de créditos, créditos extraordinarios por 1.222.539,86 euros, e suplementos, trinta e cinco expedientes de suplemento de crédito, con 7.987.853,73 euros.

Imos analizar, na medida do posíbel, coa amplitude adecuada, este expediente. Hai, en primeiro lugar, un axuste entre partidas promoción de actividades de

comunidades galegas de 50.000 euros; neste expediente hai tamén, ademais deste, un expediente de suplemento de crédito para promoción de actividades de comunidades galegas por 83.000, e lembrar que no anterior expediente de modificación de créditos, no pleno de marzo, suplementouse en 200.000 euros os 150.000 euros existentes inicialmente. Hai algo que non nos gusta especialmente, e é que nesta área se cambie o órgano de xestión, de Promoción Económica a Secretaría de Presidencia e Relacións Públicas, non vemos ningunha razón pola que Promoción Económica, que é o ente que se dedicaba dunha maneira, supoño, absolutamente obxectiva a este tema, pasa a Secretaría de Presidencia, porque lle dá un matiz moito máis político, menos administrativo, do que sería necesario.

Hai axudas a unha serie de entidades de Hispanoamérica, o Fogar Español de Montevideo, por 60.000 euros, a Asociación Benéfica Provincia da Coruña de Caracas, por 24.000; Fogar Galego para Anciáns de Bos Aires, 124.000; Centro Galego de Xubilados e Pensionistas de Avellaneda, por 13.000; Asociación Fisterra de América, Avellaneda, por 18.000, e Sociedade Española de Beneficencia, por 60.000. Moitas destas entidades coñecémolas, son entidades que representan, en definitiva, o espírito que teñen que ter os centros galegos no exterior, pero porén, sen falar en ningún caso negativamente delas, porque son entidades que todas elas se dedican a accións en beneficio dos galegos no exterior, si nos gustaría que o señor deputado nos dixese cales foron os criterios específicos que determinaron a selección destas entidades, non doutras, e os criterios tamén que determinan as distintas contías que se sinalan aquí, que oscilan entre 124.000 e 13.000 euros, simplemente para que nós entendamos cal foi o procedemento de adxudicación. É un tema que para nós é de especial sensibilidade, se hai algo que nos preocupa é a relación cos galegos do exterior, aplaudimos, e estamos totalmente de acordo en que se concedan axudas a todas estas entidades, pero si gustaríanos saber cales son os criterios que se seguiron, e sobre todo, dado que se seleccionan especificamente entidades, se houbo algún principio de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, é dicir, se hai unha convocatoria dirixida ás sociedades galegas no exterior que servise de base, e despois desa convocatoria selecciónanse estas, ou cal é o criterio que se seguiu para esta selección. Xa que logo, é un tema que esperamos que na segunda intervención do señor deputado se nos aclare adecuadamente.

Despois hai convenios concretos que se refiren a obras de reparación de centros de actuacións da deputación, como é o centro de Arousa, piscina cuberta de Cambre- A Barcala, ou reparación de piscina en Valdoviño, que en definitiva se trata de actuacións administrativas. Tamén debe ter este carácter de actuacións administrativas tres expedientes correspondentes a resolucións con contratistas, *Arias Hermanos*, reclamación de intereses no proxecto *Prestige*, con fondos do INEM, o pagamento de certificacións a unha empresa que corresponde a unha obra de ponte sobre o río Castro. Son cantidades que expresan, en definitiva, incidencias en procesos administrativos en curso.

Hai tamén un crédito extraordinario, 450.000 euros, ao Consorcio Provincial do Parque de Bombeiros, destinado ao parque de Betanzos, mencionado anteriormente polo Sr. Lagares, que entra dentro do programa de equipamento de parques de bombeiros sobre o cal non temos nada que dicir, negativamente, quero dicir.

Se entramos xa nalgũa cousa que nos comeza a producir, diría eu, perplexidade, fundamentalmente perplexidade e algún comentario adicional. Unha subvención nominativa ao Concello de Arzúa para a Feira de Agricultura Ecolóxica e Festival de Artes pola Biodiversidade, 60.000 euros, esgota a partida que estaba destinada a promoción de feiras para institucións sen fins de lucro, transfírese desa partida para isto, e subvenciónase o 100% do orzamento. Miramos o expediente, a Feira Ecolóxica e Festival de Artes pola Biodiversidade, e dinos que se trata dunha actividade, é unha feira ecolóxica, actividades de divulgación, unha ludoteca, talleres ecolóxicos, conferencias e cursos, exposicións, actividades deportivas, actividades de centros de ensino, e proxección de documentais ou películas, mesmo tamén espectáculos teatrais, programa musical.... Home, aí temos unha obxección de fondo, por que se subvenciona esta actuación, por que se acode a un convenio nominativo, incumprindo flagrantemente a lei mencionada de subvencións, pero a perplexidade nosa chega a límites insospeitados cando vemos o orzamento, en que se invisten eses 60.000 euros, pois é: alugueiro do escenario, alugueiro de equipos de son e luz, alugueiro de caseta para expositores, publicidade e difusión, edición de carteis, deseño de publicidade, elaboración de pancartas, actuación mantemento páxina web, realización de camisetas, distribución para as capitais galegas, contratación de artistas e recursos humanos. Toda esta festa son 60.000 euros. É dicir, preséntasenos un teórico proxecto de dinamización de actividades de todo tipo, con sete, oito, dez, estupendo, e resulta que despois estamos a financiar un concerto por 60.000 euros. Ben, cando vexamos este expediente, cando veña a este pleno, xa saben cal vai ser o noso voto: negativo, obviamente. Ademais entendemos que este expediente debe ser retirado porque está a incumprir flagrantemente o propio documento que se presenta. Por unha parte dise que se vai facer unha cousa, e preséntase un orzamento doutra totalmente distinta. Tómannos o pelo. A vostedes; a nós, non.

Sigamos. Hai unha subvención nominativa ao Concello das Pontes de García Rodríguez para proxecto de vías dixitais por 90.000 euros, este é un proxecto impulsado pola Xunta de Galicia dentro dun acordo co Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, que levará a cabo vías dixitais en Vilalba e As Pontes. Este proxecto das Pontes ascende a un investimento de 666.130 euros, e o Ministerio financia 220.208, a Xunta 85.700, o concello 135.000, do que a deputación subvenciona 90.000. Ben, este é un proxecto interesante, imos facer un seguimento del, a nós todo o que sexa a difusión da sociedade de información parécenos correcto, porén, de verdade, esperamos que a realización do proxecto, cando se presente aquí con máis detalle, pois veña unha memoria un pouco máis extensa, e que nos exprese realmente que é o que se pretende con este proxecto de vías dixitais. Estamos acostumbrados a coñecer proxectos europeos, proxectos españois, proxectos de Valencia,

fundamentalmente, que tentan concienciar á sociedade sobre o uso da sociedade da información, de verdade que me gustaría, ou gustaríanos, no noso grupo no seu momento. Polo tanto, o noso pronunciamento neste caso é de expectación, para ver, en definitiva, como se desenvolve este proxecto, e se realmente se pretende a difusión da sociedade da información, ou se, en definitiva, é un proxecto desgraciadamente errado como outros moitos que houbo. Dado que están a cooperar todas as Administracións esperamos que o resultado sexa positivo e é por iso que non formulamos ningunha posición negativa sobre el, senón simplemente esperemos a ver o que resulta no proxecto de desenvolvemento. Gustaríanos que cando veña este expediente, non como modificación de créditos, senón a aprobación do Pleno da deputación, pois teñamos unha idea clara do que se pretende con este proxecto para, na nosa medida, nas posibilidades que nós poidamos ter, axudar a que o proxecto se defina mellor, ou funcione mellor.

Hai tamén outra actuación que tamén nos causa unha especial perplexidade: subvención nominativa a EMUGA, Emisoras Municipais Galegas, para realizar un programa de tarde-noite en distintas emisoras, para ser emitido nas dezasete emisoras locais, o orzamento é 112.000 euros, dos que se subvencionan 100.000. Ben, neste, o único que vemos neste expediente é que se relacionan dezasete emisoras municipais, preséntase un proxecto dirixido á emisión dun programa informativo e contratación, pero non hai ningún compromiso coas emisoras municipais, é dicir, hai na provincia 17 emisoras municipais, a enumeración delas, e ningún compromiso con elas. En que medida imos subvencionar a uns señores que falan en nome de 17 e non achegan ningún documento xustificativo de que algún deses 17 están comprometidos connosco? Eu pediría tamén a retirada deste expediente até en tanto non se acheguen os compromisos coas emisoras municipais, sabendo ademais, por outra parte, nun informe adicional se esas 17 que se mencionan son as existentes na actualidade ou son máis. Por suposto, que se pretenda subvencionar un proxecto no que non hai ningún compromiso para ser difundido, teoricamente, en 17 emisoras municipais, parécenos que tamén non se está a tomar coa adecuada seriedade á Deputación da Coruña. É absolutamente improcedente a presentación deste expediente, absolutamente improcedente, e por suposto, cando veña ao Pleno, tamén saben vostedes a nosa posición: vai ser ao cen por cento negativa, mentres non se formule doutra maneira.

Despois hai un expediente que si nos preocupa, non ten destinatario directo... De que estamos a falar? Estamos a falar dun expediente por 202.000 euros para contratar estudos relacionados co turismo. Non hai ningunha documentación adicional. Ben, necesitamos 200.000 euros para estudos relacionados co turismo, pero é que este crédito se obtén detraendo do programa de turismo transferencias correntes a concellos; iso si que me preocupa, é dicir, sacámoslle diñeiro aos concellos para promoción do turismo e ímolos dedicar a facer uns supostos estudos sobre turismo. Pois vaia por Deus! esa é a política que vostedes teñen de apoio aos concellos e de atención aos concellos? Por suposto, non o entendo, nin no noso grupo o entende ninguén. É que ademais, esta partida estaba dotada a transferencias a concellos en

materia de turismo, cun orzamento inicial de 1.000.000 de euros; sácanse 425.000 euros, incluído este expediente, e non se fixo ningunha convocatoria aos concellos para fomento de turismo da natureza. Parece que a súa intención é mandalo ao ostracismo a totalidade do programa. Por suposto, a súa preocupación polo turismo, o turismo dos concellos, o turismo da natureza, a defensa dun dos valores estratéxicos do turismo, queda demostrada; en vez de subvencionar aos concellos, imos gastar 202.000 euros en supostos estudos sobre o turismo. Parece que non nos decatamos do que hai que facer na Deputación da Coruña, pois de verdade lles podemos dar un curso cando vostedes queiran, moi acelerado e gratis, do que podemos facer.

Despois hai outro convenio, outro crédito extraordinario, por 395.000 euros, para un novo convenio de colaboración co Concello de Cerceda, que é a culminación dun convenio anterior que quedara pendente, e que polo tanto non formulamos obxección ningunha a este tema.

Estes son os créditos extraordinarios. Imos agora aos suplementos de crédito. Hai, destes suplementos de crédito, un número importante destinado a atender compromisos do exercicio anterior, os expedientes 15 e 22, atender liquidación de reformados de distintos plans, o 29, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 40, 46; e despois outra, a mellorar proxectos iniciados no mandato anterior, e outros para cumprir unha sentenza xudicial. Ningunha obxección a estas modificacións.

Tamén para gastos de persoal hai tres expedientes, dous deles para completar o proxecto de pensións a funcionarios e laborais, e un expediente para suplementar créditos de gastos de persoal eventual destinados a substituír baixas por vacacións, enfermidade, etc. Ben, totalmente de acordo con esta actuación.

Despois temos tamén un convenio coa Cruz Vermella para adquirir un vehículo adaptado a minusválidos, perfecto, para completar expropiacións do Plan de travesías, pois tamén naturalmente de acordo, está na nosa liña, no que nós iniciamos no mandato anterior; para a oitava Feira de Turismo Interior, -espero que esa visita lles evite facer estudos de turismo-, por 200.000 euros, e incrementar os créditos de subvencións, o Programa de acción comunitaria, tanto para concellos como para institucións con fins sen ánimo de lucro, tamén totalmente correcto. O único que nos preocupa é que estes expedientes, este último expediente e o anterior, fináncianse con baixas no crédito do Plan de fomento do turismo da natureza, todo isto é o que forma os 400.000 euros que se detraen dese concepto, no que mesmo parece que se quere seguir afondando no baleirado desa partida para a deixar reducida a cero. Nese caso, conseguiríamos a obxectivo marca de cero euros para concellos para turismo da natureza. É a verdade. A verdade do expediente está aquí: 425.000 euros que lle quitan vostedes, está aquí; que non haxa ningunha convocatoria, está aquí; polo tanto, o que vostede poida dicir nós imos oír con toda atención, pero a realidade é esta.

Despois están outros expedientes, e xa estamos a entrar en algo que a nós segue preocupándonos. A verdade é que na lexislatura anterior, pacificamente, como é a nosa obriga, oíamos o que vostedes e o BNG, tanto o PSOE como o BNG nos dicían que hai que ser máis obxectivos, non se poden asinar subvencións nominativas, hai que acudir aos procedementos xerais de publicidade e concorrência, nós pacientemente os oíamos, ás veces utilizabamos subvencións nominativas e procurabamos, por suposto -ás veces o conseguíamos, ao mellor ás veces non-, que fosen subvencións absolutamente correctas. Aquí hai cousas que, home, temos aquí a Fundación para o Estudo e Divulgación da Cuestión Social e Sindical en Galicia, para o estudo de dixitalización de publicacións do sindicalismo galego, 90.000 euros. Ben, aquí no documento anexo, non di sindicalismo galego, di: sindicalismo nacionalista, a través das súas publicacións, vale?, é dicir, agora xa nos dedicamos a subvencionar o sindicalismo nacionalista, non o sindicalismo galego, non a actuación dos sindicatos; o sindicalismo nacionalista. E ademais, como estamos moi preocupados pola evolución do sindicalismo nacionalista galego pois lle subvencionamos ao cen por cento o estudo: 90.000 euros. Home, tamén lles anunciamos que imos votar que non, eh!, cando se presente este expediente aquí van ter un non tan alto como todo o edificio da deputación. Hai que ser un pouco máis serios; isto é unha subvención estratéxica, dirixida, supoño, a pagar unha determinada peaxe ao sindicalismo nacionalista, pois moi ben; non estamos de acordo. Estaríamos moi preocupados se se falase dun estudo xeral sobre o nacionalismo, ao mellor podería estar xustificado; pero isto é un expediente pura e estritamente político, un expediente de concesión política a uns señores determinados que lles regalamos 90.000 euros, porque cando vemos o contido do estudo non hai nada que mereza a pena sobre este estudo que se formula aquí.

Temos tamén outra subvención nominativa á "Festa da Fraga" do Concello das Pontes de García Rodríguez, 30.000 euros, a subvención é relativamente pequena, sobre un orzamento de 50.980 euros. Ben, é unha festa típica como outra calquera. Por que o Concello das Pontes de García Rodríguez e por que non noutro?, home, preocúpanos iso, non?, pero cando vemos o orzamento tamén entramos nunha situación cataléptica, todo é o festival "Nabiza Rock", home, non sabía que o festival "Nabiza Rock" merecese tanta atención da deputación, aquí está a memoria do programa: vaise destinar a subvención para festival "Nabiza Rock", cartelaría "Nabiza Rock", "Nabiza Rock" por todos lados. De verdade que na deputación imos dedicar os nosos cartos a subvencionar o festival "Nabiza Rock"? Iso é a transparencia, a obxectividade, a atención aos concellos, e non sei que? Teñen que ter vostedes máis coidado co que traen aquí, ao Pleno da deputación; é que resulta que nós lemos os expedientes, non volvan a traer cousas deste nivel, por favor, a min dáme vergoña. Festival "Nabiza Rock"? Vaia por Deus! Como é natural, cando veña a subvención nominativa aquí, ou non, xa se vai duplicar a altura da deputación e xa vai ser xigantesco.

Despois hai unha subvención que nos parece correcta, á asociación "San Claudio" de Ortigueira, para converter un edificio escolar nun centro cultural e un

museo escolar comarcal; subvención ao Comité Antisida, que aplaudimos tamén, aínda que é unha actuación que ás veces á xente lle preocupa, a nós preocúpanos que non reciban a atención adecuada, polo tanto parécenos moi ben. O mesmo que a de Paideia, a de "Down" de Compostela, a de Chamorro. Son subvencións que merecen toda a nosa aprobación, e por suposto, absolutamente positivas para nós.

Que estamos a ver?, facendo xa agora unha análise xeral, un pouco máis global, do conxunto do expediente. É obvio que estamos obrigados, nós xa o fixemos, tentámolo na lexislatura anterior, e ás veces non o conseguimos, orzar un pouco mellor, porque moitas destas atencións, obviamente, deberían estar en orzamentos iniciais, non en suplementos de créditos, son actuacións necesarias e convenientes, polo tanto acudir a técnicas de complementar, alterando, porque, claro está, o contido das partidas iniciais, obter este financiamento resulta da supresión doutros créditos, doutras finalidades da deputación, e que, en definitiva, estamos a dar a volta a un orzamento que aprobamos no mes de febreiro deste ano, hai ben pouco, e polo tanto, temos que ter moito máis coidado, tentar recoller mellor as actuacións, afinar máis na elaboración do orzamento.

Por suposto, o tema das subvencións nominativas si que nos preocupa especialmente. Se ben nós -e eu díxeno- na lexislatura anterior utilizamos estes instrumentos, creo que a Lei xeral de subvencións introduce factores novos que todos estamos obrigados a soportar. E aí nese sentido eu quero destacar a seriedade e a forma como a Intervención da deputación trata este tema. Eu vou ler algúns parágrafos dun informe de Intervención, en que menciona con carácter xeral o expediente de modificación de créditos, e di: "en todo caso, nos expedientes que se tramiten deberán acreditarse as razóns singulares de interese público que non permitan, ou non fagan conveniente, a aplicación dos principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, previsto na Lei 38/2003 do 17 de novembro", -estamos a falar dunha lei de finais do ano pasado, Lei xeral de subvencións, para este tipo de gastos-... "Entre as dotacións destinadas a subvencións nominativas existen dous tipos de beneficiarios: concellos e outras entidades públicas e privadas; respecto das primeiras, debe significarse que a forma normal de cooperación provincial ás obras e servizos municipais, é a dos plans provinciais, aos que se refire a Lei reguladora de bases de réxime local e a Lei de Administración local de Galicia, mediante o establecemento de criterios obxectivos e xerais de asignación de recursos públicos provinciais. E quero resaltar o parágrafo seguinte -reitero, do informe de Intervención da deputación: "Polo que se refire ás achegas provinciais a outras entidades públicas e privadas, deben de se tomar en consideración os citados principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, recollido na Lei xeral de subvencións, nas Bases de execución do orzamento provincial. Só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente, de acordo ás normas de aplicación, pode exceptuarse a xeral a aplicación dos principios citados. Como tales razóns non se contemplan expresamente no expediente que agora se tramita, a preceptiva motivación

debe incorporarse con carácter previo á adopción de calquera compromiso provincial como requirimento para a súa válida adopción". É obvia que nos casos que sinalai, se vostedes non o retiran, déixanos como unha asignación, e pretenden levalos adiante, e non se cumpren os requirimentos da intervención, non só votaremos que non cando poidamos, senón que recorreremos contra os acordos corporativos. Non estamos dispostos a que se incumpra o mandato expreso, claro e terminante dunha lei que nos obriga a todos. É simplemente a advertencia da posición que o grupo provincial do Partido Popular vai tomar.

E isto é o que temos que dicir sobre este expediente. Obviamente, como resultado desta intervención, dedúcese claramente que hai expedientes que merecen toda a nosa aprobación e consideración, e outros, o noso total e absoluto rexeitamento. Se nos permiten votalos separadamente, diremos que si a uns e non a outros; e se hai que facer unha votación conxunta, obrígnanos á abstención. Obviamente non podemos votar en contra de cousas que a nós nos parecen positivas, pero esa abstención é unha abstención sobre o conxunto do expediente, e anunciamos toda a nosa posición negativa sobre todas aquelas actuacións que resultan de aquí que non están xustificadas, nin a deputación se debe de comprometer con elas.

Sr. Lagares Pérez

Tentarei ser breve e conciso. Na miña intervención xa indiquei que teríamos que falar da Lei xeral de subvencións. Efectivamente, porque vostede, Sr. Rodríguez, Sres. do Partido Popular, dedicáronse a falar exclusivamente, foi de perplexidade, de análise pormenorizada e de expectación. De análise pormenorizada teño contabilizado que analizan vostedes 582.000 euros deste expediente de 10.000.000 de euros. Esa é a análise pormenorizada que fai o grupo do Partido Popular; de perplexidade por subvencións nominativas, cando é algo que a nova Lei de subvencións, que entrou en vigor, e citaba ademais o artigo 22, apartado 2, letras a) e c), di textualmente -leo en castelán: "poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións: as previstas nominativamente nos Orzamentos xerais do Estado das comunidades autónomas ou das entidades locais nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora desas subvencións". Aquí é onde patina, porque vostede sabe perfectamente que as subvencións nominativas veñen consignadas, entón virá o convenio que se aprobará e vostede poderá discutir se a romaría da Fraga, que é un centenario dunha romaría importante a nivel provincial, de tanta importancia como a de "Santa Minia" de Brión, preto de Santiago, ou os "Caneiros" de Betanzos, pois que merece un recoñecemento como merece o Festival do Mundo Celta, que se lle deu tamén unha subvención nominativa, por pór un exemplo, sen ir máis lonxe, e entón virán os convenios, e virán as partes a cumprir coas obrigas estipuladas, por unha parte e pola outra. Pero vostede aquí dedicouse a falar de 500.000 euros de subvencións nominativas, non nos dixo nada do Concello de Cambre, do de Valdoviño, do de Santiago de Compostela... onde vostede nalgún momento - lémbrolllo agora, xa llo dixen outra vez nun pleno-, nun momento determinado adoptou un acordo que nós non quixemos entrar no fondo do

acordo, que nos parece importante, onde a deputación ten que pagar un cuarto, e vostede adoptou ese acordo, vostede persoalmente, posibelmente cando non se debía... si, si, non poña vostede esa cara, 480.000 euros en cuartillos, divididos entre as partes que vostede sabe que nese momento estaba a representar, e foi no mes de novembro de 2003. Non teño inconveniente en lle trasladar o acordo adoptado, proxecto de valoración, e a parte correspondente de 120.000 euros, xa llo dixen noutro pleno, e consta nas actas.

Pero sígolle lendo o das subvencións nominativas, porque eu creo que vostede traballou pouquiño este tema, e ten que facer o que din os frades: "*ora e labora*", traballar un pouquiño máis. Di o apartado c): "con carácter excepcional aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública". Que dificulten a súa convocatoria pública. Paréceme que non é necesario que explique máis os contidos porque están curiosamente nestes aspectos, perfectamente recollidos na Lei de subvencións.

Pero si que nos chama poderosamente a atención o grao de descoñecemento que ten vostede deste expediente de modificación de créditos, mire que nos veña a falar aquí do turismo da natureza, cando non existe este programa no orzamento do ano 2004, e vostede di que se modifica. Pois mire, lea vostede ben: o que se modifica é o capítulo IV, transferencias correntes a concellos e entidades sen ánimo de lucro, para facer unha avaliación turística de distintos puntos ou bisbarras da provincia da Coruña. E 23.000 euros para ampliar o posto da deputación e facer publicidade da provincia nas distintas feiras e congresos que se fan e que son importantes fóra da provincia da Coruña, concretamente se vai mellorar este posto.

Claro, non temos nada que dicir, eu esperaba o seu voto favorábel e vostedes véñennos aquí a discutir 500 euros dicindo "perplexidade". A subvención nominativa da Feira Ecolóxica de Arzúa, Sr. Rodríguez, é que vostede non se acorda da Feira Ecolóxica de Vilasantar, que vostedes tanto loaron e gabaron? Pois estamos ante un feito moi parello, e que hai que promocionar, por exemplo mañá comeza a Feira de Paderne, posibelmente descoñecida para vostede, pois é unha das feiras máis importantes no eido provincial, eu diría no eido galego, onde unha parte importante é feira ecolóxica e que vén subvencionando esta deputación dende os seus comezos, por certo con poucas economías, esperamos que este ano mellore. Quédase perplexo polas vías dixitais, cando isto é un convenio -entón o retiro, xa non son 582.000, retiro 100.000 euros-, porque isto é un convenio Xunta de Galicia, Ministerio de Industria, Deputación da Coruña, e concellos, concretamente abrangue o Concello das Pontes de García Rodríguez. Creo que é un tema piloto, que debemos de apoiar, e que con seriedade e rigorosidade, un deputado provincial non pode vir a dicir aquí, que nós, o equipo de goberno, vimos a tomarlle o pelo. Nós non tomamos o pelo a ninguén, eh!; nós facemos a valoración que consideramos rigorosa e necesaria.

Vostedes si que neste caso caen no baleiro, fala de programas que non existen no orzamento, o Programa de turismo da natureza, non existe; fálanos de subvencións nominativas cando nós que estivemos de acordo con subvencións nominativas, porque se consideramos interesante dende o punto de vista social ou dende o punto de vista humanitario, hai que axudalas e hai que apoialas.

Fálanos de EMUGA, do expediente das 17 emisoras, reitérolle o mesmo. Sr. Rodríguez, hai que facer os dereitos e obrigas das partes; facemos unha consignación orzamentaria, cando se aproban os orzamentos, vostede xa non se acorda que estivo a gobernar, é que facían exactamente o mesmo, exactamente o mesmo coas subvencións nominativas, que ocorría? que posibelmente as subvencións nominativas non tiñan un marcado cariz humanitario, como ten o montante que antes eu lle sinalaba, do cal a penas falou, pasouno por encima, de 230.000 euros, case practicamente, un pouquiño máis, o que vostede nos discutiu, a Cruz Vermella, o Comité Antisida, Asociación Paideia, Asociación Síndrome de Down, Asociación "Chavós" e Asociación A Nosa Sra. de Chamorro, home, teñamos tamén algún eloxio. E acórdense do recinto feiral, que temos que pór aí un millón de euros, e acórdense do incumprimento do canon eléctrico co Concello de Cerceda, e acórdense de determinados incumprimentos que nós traemos aquí para cumprir, e que son do grupo popular cando estaba no goberno. Pero aquí a que vimos?, vimos a dicir a verdade ou a tomar o pelo?. Ah!, esquecíame: as comunidades galegas no exterior, que sabemos todos que están a pasar unha crise importante, están baseadas en criterios benéficos asistenciais, simplemente lle vou dicir esas dúas palabras, máis nada, entón vostede déalle a volta á tortilla como lle conveña, pode facer a demagoxia que queira, pode dicir que lle tomamos o pelo, pero a min gustaríame saber cal foi a actuación humanitaria de determinados colectivos gobernados polo Partido Popular nos últimos anos, á parte de utilizar unicamente aos emigrantes como mercadoría electoral.

E á parte de lle agradecer o curso do Turismo da natureza, que insisto, non existe no orzamento, teño que dicirlle por último que a advertencia que vostede nos fai non nos causa ningún pavor, estéase tranquilo, pode facer as advertencias, e pode o Partido Popular facer o que considere. Eu dígolle sinceramente que este expediente de modificación de créditos é un expediente corrector dos seus erros na súa maior parte. Vostede soamente nos fala de 582.000 euros de 10.000.000 de euros, onde facemos unha serie de correccións e tentamos obxectivar o máis posíbel todas estas análises que indubidabelmente fan a filosofía deste equipo de goberno. Que é evidente que non compartamos distintas teses? por exemplo, as teses de facer un estudo do sindicalismo por parte de FESGA? Pois si, é un tema social importante, por que non vai ser? é que non hai outros colectivos que foron subvencionados por esta deputación, ou non están a ser subvencionados? é que o sindicalismo non merece un estudo?.

Resumindo: trátase dun expediente investidor externo, que tenta corrixir erros graves que produciu o Partido Popular, como por exemplo cando lle caeu o centro de mercado de Muxía, e ese é un tema grave, e aquí vai recollido, e vaise resolver ese

problema. Cumprimos estritamente os compromisos que vostedes tiñan adquiridos, mantemos a estabilidade orzamentaria, e indubidabelmente, eu onte escoitei a un político do seu grupo a nivel nacional que falaba dunha "palleira" e confundíao eu cunha "malleira"; aquí non se trata de dar "malleira" a ninguén, nin se trata de facer o "palleiro" ou a "palleira"; aquí do que se trata é de aprobar un expediente de modificación de créditos, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, que entendemos que é obxectivo, que entendemos que é dirixido ás entidades e sobre todo aos concellos, dirixido aos cidadáns da provincia, e que están inspirados na cooperación e na solidariedade. Seguimos recorrendo ao seu voto favorábel. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Sr. Lagares, eu nos poucos debates que tivemos a honra de manter, xa observei en anteriores ocasións que vostede ten unha afección desmedida por pór en boca dun palabras que non di, terxiversar conceptos que un di, e ao final, mesmo o fai con aire doutoral, mesmo como: "que cousas din estes señores do Partido Popular!". Por favor!, mire: o que dicimos nós está nas actas, grávase, recóllese, e polo tanto que non teñamos, ao mellor, no próximo pleno, que coller acta por acta, aburrir a toda a Corporación, cando vostede que eu dixen unha cousa determinada cando non a dixen, por favor. Ese recurso dialéctico non é un recurso brillante, precisamente. E nós fixemos unha análise bastante exhaustiva e non tivemos inconveniente en dicir cando nos parecían ben os expedientes con toda claridade, pero con toda claridade, e polo tanto nada dunha análise pormenorizada; parécenos ben este, e este pareceunos mal. E non é un tema cuantitativo, os expedientes cada un ten a súa singularidade, e todos eles teñen que cumprir os requirimentos que marca a lei, e todos eles deben de corresponder ao interese provincial. E se a vostede lle doe, supoño que lle doe, que nós nos fixásemos nuns expedientes concretos, é porque eses expedientes, ao noso xuízo, non teñen en ningún caso a xustificación tal como se presentan para obter o apoio desta deputación, sexa calquera que sexa a súa contía, ou vai resultar que porque sexan 90.000 euros vai pasar por aquí de calquera maneira? Non se fale diso. Polo tanto, nós examinamos todo o expediente; o que está ben dixemos que está ben, e o que non está ben dixemos, ao noso xuízo, que non estaba ben.

E coñecemos a lei, e sabemos que esa lei introduce un factor de rixidez moito máis grande do que había anteriormente no tema das subvencións nominativas, é unha lei nova que pretende moderar a nosa capacidade discrecional de actuación, e polo tanto, polo tanto temos que someternos a ela, e temos que xustificar as razóns obxectivas e claras dunha determinada actuación, que non figuran neste expediente e que a Intervención nos lembra, e nos di: "neste expediente hai actuacións que non cumpren os requirimentos que marca a Lei de subvencións cando, como está no expediente de modificación de créditos, informámolo favorabelmente, pero advertimos que cando se presente a axuda correspondente, terá que cumprir os requirimentos que agora non se cumpren". E iso non o digo eu, senón que o di a Intervención. Polo tanto, vostede procure criticarme no que digo, non no que non digo; e sei o que digo.

A vostede parécelle que a romaría Fraga ou o festival "Nabiza Rock" merece toda a atención da deputación? Pois nós dicimos que non, por moito que se empeñe vostede. O "Nabiza Rock" non nos parece que sexa unha actividade que mereza que nós nos dediquemos aquí a discutir sobre el nin a darlle diñeiro da deputación; cando haxa unha festividade que teña algo máis de entidade, pois si, pero non ese concepto. E por suposto, a vostede fánsete unhas asociacións e tenta desvirtuar, supoño que na dialéctica que vostede utiliza normalmente lle funciona; aquí non lle vai funcionar. A Feira Ecolóxica de Arzúa: prodúcese unha clara disfunción entre os obxectivos que se programan, que se di que se van cumprir, e o orzamento de actividades, non se formula o financiamento para nada do que se di no documento, simplemente para un festival. Polo tanto, aí estase a mentir; os que redactaron ese documento din unha cousa e despois, no orzamento, poñen unha acción distinta. Decía vostede que a Feira Ecolóxica de Arzúa merecía... non é a Feira Ecolóxica de Arzúa, é a actividade concreta que temos que subvencionar, que na memoria se fala de moitas cousas e despois só se trata dunha actuación musical.

Puña vostede na miña boca que eu estaba perplexo polo tema das vías dixitais, é dicir, utiliza este método de dicir unha cousa que non funciona, a ver se coa; pero non coa, eu non dixen iso, dixen que era un programa moi interesante de novas tecnoloxías, que a documentación que se presentaba era aínda incompleta, e que esperabamos que nos presentasen a documentación adicional no seu momento para ver se, efectivamente, contribuía ao obxectivo que todos desexamos, de incrementar a utilización das tecnoloxías da información. Iso é o que dixen, pero por favor, non me diga vostede que eu dixen cousas que non digo. Os demais compañeiros que aquí nos oen pacientemente, por respecto a eles non fagamos dialéctica pondo en boca dos demais cousas que non se din, por favor, por favor.

Nós simplemente dicimos, e si o dicimos con toda seriedade, que hai que mirar os papeis que se traen a esta deputación, e cando unha entidade incumpre un mínimo sentido de rigor nunha petición, que non se tramite e que non se traia aquí, porque traelo aquí, como no caso concreto que comentabamos anteriormente, da famosa Feira Ecolóxica de Arzúa, iso si que é tomarnos o pelo a nós. Se vostedes consideran que non o toman; a nós, si.

E no tema das emisoras municipais, o que dixemos, perfectamente o que estamos a dicir: se me fala de 17 emisoras, un programa de apoio para ser distribuído por estas emisoras, o menos que hai que acompañar é un mínimo compromiso das emisoras, e se non, non poña ningunha documentación, xa sabemos que isto é un expediente de modificación de créditos, e que despois ten que vir ao Pleno para a súa aprobación, xa o dixen eu, e dixen que cando viñese ao Pleno -iso dixen eu-, se seguía vindo como vén este expediente, nós diríamos que non, e advertímoslle lealmente de que se vostedes queren traelo ao Pleno terán que traelo cos compromisos adecuados e correspondentes.

No tema das comunidades galegas no exterior: home, aí si que me doe bastante, porque dixo vostede algo que a min me ofende profundamente, e ao noso grupo: utilizar aos emigrantes como mercadoría electoral, vostede está a ofender a emigración galega, vostede está a crer que os emigrantes galegos son ignorantes; os emigrantes galegos son cidadáns libres que votan de acordo coa súa convicción e os seus dereitos, e crer que a un emigrante galego o tratamos como mercadoría electoral, son vostedes os que cren que é así. Esquézase diso. Non lle toleramos esa frase, non lla toleramos, e pedirémoslle que a retire; nós, por suposto, non, nunca, coidado coas frases que se din, eu téñoille respecto persoal a vostede; téñanolo vostede a nós, nunca volva a dicir vostede unha cousa así. Nós o que dicimos é que sendo entidades prestixiosas, e entidades dedicadas a favorecer os dereitos dos galegos, simplemente preguntamos se se fixera publicidade por se había máis entidades que puidesen ter dereito a axudas, e cales eran os criterios que se utilizaran para a unha entidade darlle 120.000 euros e a outra 13.000. Iso é o que dixemos, respectando e defendendo o dereito das comunidades galegas a ter axudas.

E cando falaba vostede de sindicalismo, nós dixemos "sindicalismo pode ser correcto, pero exclusivamente sindicalismo nacionalista, exclusivamente, parécenos que non é moi correcto", paréceme que é un estudo moi nesgado, bastante nesgado.

Despois di vostede unha cousa que a min me parece xa de película, neste caso concreto utilizo o termo de "película" -neste caso concreto, non o estenda vostede a outros casos-, cúlpanos, como Partido Popular, de que o mercado de Muxía tivese un problema e houberse unha actuación que..., ben, supoño que non será unha decisión política do Partido Popular, será que a obra técnica estaba mal deseñada, e entón tivo un fallo e produciuse unha actuación de derrubamento, non sei a situación concreta dese mercado de Muxía, pero imos, considerar iso como un erro do Partido Popular, home, por favor, Sr. Lagares, eu pediríalle a vostede que cando utilice conceptos, utilíceos dunha maneira correcta, por favor.

A última "flor" que vostede dicía de confundir "malleira" con "palleira"; nós non confundimos nada; dicimos o que dicimos, e dicímolos fundamentado nos documentos que se presentan a este pleno, e as observacións que facemos, facémolas apoiadas na documentación que está aquí.

Polo tanto, por favor, eu pediría que vostedes lle prestasen máis atención ao que dicimos, porque realmente cremos que estamos a facer unha actuación moi positiva en defensa dos intereses da deputación. E, Sr. presidente, como supoño que, administrativamente, pola nosa experiencia, vaise considerar que o expediente sexa sometido a votación de forma completa, a nosa posición é de abstención, por razóns que xustificamos totalmente.

Sr. Presidente

Brevemente, Sr. Lagares, porque o tema está suficientemente debatido e non ten sentido explicar de novo as cousas, todo o mundo sabe que á feira ecolóxica se lle subvencionan os postos e os escenarios, e entón irán os produtores, os agricultores a enchelos de produtos, e que o convenio de vías dixitais figura no expediente, e o mesmo convenio que se trae aquí serviu de base á Xunta e ao Ministerio de Industria para o asinar, polo tanto non ten sentido abrir máis debates, rógolle que sexa breve.

E por outra parte, Sr. Dositeo, non podemos dividir a votación porque legalmente é imposible, é unha votación única dun expediente de modificación de créditos.

Rógolle brevidade, Sr. Lagares.

Sr. Lagares Pérez

Tan breve, que case vostede contestou por min, Sr. presidente. Si sabemos, ou o equipo de goberno sabe, que o expediente pode valorarse cuantitativa ou cualitativamente, pero segundo imos avanzando no debate, indubidabelmente, cada vez quedámonos máis nus, porque cada vez nos quedamos con menos cantidade, quedámonos cunha feira ecolóxica, cunha romaría, e cunhas emisoras, entón nós, polo menos, acordámonos moito de que consideremos que xa o grupo popular, e o Sr. Rodríguez neste caso, que se quede con tres conceptos. As comunidades galegas no exterior, xa lles expuxen cales eran os criterios, os benéfico-asistenciais, e indubidabelmente, non imos profundar máis neste tema porque eu creo que o que dixen tocante ao tema electoral, se fun un pouco duro pido desculpas, como persoa, non como representante do equipo de goberno, senón como persoa, e persoalmente, o meu respecto para vostede xa sabe que é total, como aos compañeiros e compañeiras que forman esta Corporación.

O que si lle teño que dicir é que hai temas que non son imputábeis aos políticos, pero que si os políticos teñen que velar por eles. Ningún membro do Partido Popular, sen dúbida ningunha, foi a derrubar o mercado ou edificio de usos múltiples de Muxía, ninguén dixo iso, eu dixen que aquí se recolle esa corrección, como outras moitas correccións que vostedes obviaron.

Eu, a verdade, é que cada vez estou máis convencido de que se este debate seguisse ao final convenceríámolo, porque soamente se quedou cos tres mosqueteiros das romarías e das emisoras municipais. Máis nada e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Sr. Lagares, non teño máis que dicirlle que o que lle dixen antes porque está moi claro, perfectamente claro, e por suposto lles suxiro que miren os expedientes

mellor, e que as cousas que non se deben de traer esperamos e desexamos que non veñan ao Pleno. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11- PSOE e 5- BNG)
Votan en contra: Ningún.
Abstéñense: 14 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º.- Recoñecer as obrigas de pagamento por importe total de 55.588,89 €, a favor das persoas físicas e xurídicas que a seguir se detallan, consonte co que establece o artigo 26 do Real decreto 500/90, do 20 de abril:

A favor de Patricia Sabín Díaz e Enrique M. Blanco Lorenzo, que corresponde ás fras. nºs DIP0301 e DIP0302 do 10 de febreiro de 2003 por importes de 2.668,88 e 4.877,31 respectivamente, relativas aos Honorarios de dirección de obra, tarifa VII e Honorarios de redacción do proxecto modificado da obra *CAMPO DE FÚTBOL DO BURGO. CULLEREDO*.

A favor de *EXTRACO*, que corresponde á Fra. nº 001139 do 30/04/03 por importe de 46.025,81€ relativa ao proxecto reformado de rehabilitación *TORRES DO ALLO- CONCELLO DE ZAS*.

A favor de *DECORACIONES J.BELLO S.L.*, que corresponde á fra. nº 118/2003 do 05/11/2003 por importe de 2.016,89€ relativa á finalización da *CASA DO CONCELLO DE CERCEDA*.

2º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2/04 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 10.078.393,59 € e que ofrece o seguinte resumo:

Aumentos:

| | |
|------------------------------|--------------|
| CE. Créditos extraordinarios | 1.784.539,86 |
| SC. Suplementos de crédito | 8.293.853,73 |

Total de aumentos: 10.078.393,59

Baixas (Financiamento):

BA. Baixas por anulación 868.000,00
RX. Remanente de tesourería para gastos xerais 9.210.393,59

Total de baixas: 10.078.393,59

3ª.- Incorporar as subvencións nominativas recollidas na base 47ª do Orzamento provincial do exercicio 2004, as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2.d da Lei 38/2003, Xeral de subvencións.

| <u>APLIC. PRESUP.</u> | <u>BENEFICIARIO</u> | <u>OBXECTO E FINALIDADE</u> | <u>IMPORTE</u> |
|--|----------------------------|------------------------------------|-----------------------|
| 0202/412E/629.99 | Cruz Vermella | Vehículo transp. minusválidos | 96.000,00 |
| 0202/452D/762.99 | Conc. de Cambre | Reparación piscina A Barcala | 44.547,83 |
| 0202/519Z/762.87 | Conc. de Oroso | Centro Usos Múltiples | 290.691,78 |
| 0202/519Z/762.87 | Conc. de Valdoviño | Piscina Municipal Lago | 29.786,47 |
| 0305/223A/762.99 | Conc. de Ames | Peche predio Form. Protec. Civil | 18.000,00 |
| 0305/432C/754.00 | Conc. de Santiago de C. | Polígono do Tambre | 120.202,42 |
| 0305/451E/462.00 | Conc. de Arzúa | Feira de Agricultura Ecolóxica | 60.000,00 |
| 0305/451L/489.99 | Fesga | Estudo Social de Galicia | 90.000,00 |
| 0305/463A/462.00 | Conc. das Pontes de Gª R. | Proxecto vías dixitais | 90.000,00 |
| 0305/521A/489.99 | EMUGA | Apoio emisoras municipais | 100.000,00 |
| 0501/911B/762.84 | Conc. Cerceda | Convenio canon | 395.053,12 |
| 0601/451D/467.00 | Conc. A Coruña | Orquestra Sinfónica Galicia | 108.183,00 |
| 0601/451H/462.00 | Conc. das Pontes de Gª R. | Romaría da Fraga | 30.000,00 |
| 0601/451H/789.99 | Conc. Ortigueira | C.Socio Cultural San Clodio | 105.705,00 |
| 0701/313M/480.99 | Comité Anti-Sida Casco | Mant. piso acollida | 30.000,00 |
| 0701/313M/480.99 | Asoc. Paideia | Proxecto voluntariado | 18.030,00 |
| 0701/313M/780.99 | Down Compostela | Const. centro de servizos | 30.000,00 |
| 0701/313M/780.99 | Nª Sª de Chamorro | Resd. minusválidos Narón | 28.000,00 |
| 0701/313M/780.99 | Chavós | Adquisición furgoneta | 28.000,00 |
| TOTAL NOVAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS | | | 1.712.199,62 |

4º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

5º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos

169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

6.- MODIFICACIÓN DO POS 2004 POR CAMBIO DE OBRAS DO CONCELLO DE CARNOTA.

INTERVENCIONS

Sr. Torres Colomer

Para ordenar un pouco o debate, teño que dicir que do punto 6 até o 30, ambos os dous incluídos, o grupo popular vai votar a favor de todos.

Sr. presidente

Hai algunhas emendas *in voce*.

Sr. Torres Colomer

Incluídas as emendas, do 6 até o final da orde do día.

Sr. presidente

Eu rogaríalle ao Sr. secretario para que constase en acta, que faga referencia ás emendas e aos puntos concretos a que fan referencia as emendas, que aprobamos todos por unanimidade.

Sr. secretario

As emendas, as tres de supresión, refírense respectivamente aos puntos 15, 16 e 20. Nos puntos 15 e 16 son emendas da Presidencia, de supresión, no caso do punto nº 15 do punto 2º do ditame da comisión correspondente; no punto 16, do número 3º, renumerando o resto dos puntos; no punto 20, a supresión da obra que figura en primeiro lugar da relación da primeira fase do Plan de travesías 2004, é dicir, "Ensanche e acondicionamento da E.P. 807 de Tatín a San Isidro por Moruxo, p.k. 0 a 2,10 en Bergondo".

En teoría deberían votarse primeiro as emendas e logo o ditame, pero se se aproba todo por unanimidade...

ACORDO

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

"Visto o escrito recibido do Concello de Carnota no que solicita o cambio da obra incluída no POS 2004 denominada "Senda acceso Os Mouchos-O Pindo", código: 04.2100.0081.0, cun presuposto de 30.000,00 €, pola obra prevista no Plan complementario denominada "Acondicionamiento arredores da fonte de Vilar" que ten o mesmo presuposto de contrata.

Visto o acordo plenario de aprobación do POS 2004 e mailo seu Plan complementario adoptado en sesión celebrada o 27 de febreiro de 2004 e modificado o 28 de maio de 2004.

1º.- Aprobar a modificación do POS 2004 polo cambio de obra solicitado polo Concello de Carnota, de xeito que se anula a obra nº 81 "Senda acceso Os Mouchos-O Pindo", e inclúese no seu lugar a obra prevista no Plan complementario denominada "Acondicionamiento arredores da fonte Vilar" tendo ambas o mesmo presuposto de contrata.

| Obra que se anula | | | | | | |
|--------------------------|---------------------------------|----------------------------|--------------------------------|---------------|-----------------|--------------|
| Código | Denominación | Deputación f.p. | Deputación Préstamo | Estado | Concello | TOTAL |
| 04.2100.0081.0 | Senda acceso Os Mouchos-O Pindo | 8.414,69 | 7.122,04 | 4.374,00 | 10.089,27 | 30.000,00 |

| Nova obra que se inclúe | | | | | | |
|--------------------------------|---|----------------------------|--------------------------------|---------------|-----------------|--------------|
| Código | Denominación | Deputación f.p. | Deputación Préstamo | Estado | Concello | TOTAL |
| 04.2100.0390.0 | Acondicionamiento arredores da fonte de Vilar | 8.414,69 | 7.122,04 | 4.374,00 | 10.089,27 | 30.000,00 |

2º Dispoñer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3º Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos dispostos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

4º Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

5º Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de administración local de Galicia.

6º Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobada a modificación do plan."

7.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “AFIRMADO E MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS NAS PARROQUIAS DE SOFÁN E RUS” DO CONCELLO DE CARBALLO, INCLUÍDA NO POS 2002. CÓDIGO 02.2100.0072.0.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

"Aprobar o proxecto reformado da obra "Afirmado e mellora de camiños rurais nas parroquias de Sofán e Rus ..." do Concello de Carballo incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2002 (Código: 02.2100.0072.0) cun presuposto de contrata de 35.481,70€ que non representa unha variación no seu presuposto total, nin varía a finalidade da obra pero modifica parcialmente o seu obxecto polo cambio dun camiño por outro."

| <u>Código</u> | <u>Concello</u> | <u>Denominación</u> | <u>Deputación F. Propios</u> | <u>Estado</u> | <u>Concello.</u> | <u>Presuposto Total</u> |
|----------------|-----------------|--|------------------------------|---------------|------------------|-------------------------|
| 02.2100.0072.0 | Carballo | Afirmado e mellora camiños rurais nas parroquias de Sofán e Rus" | 27.867,61 | 5.840 | 1.774,09 | 35.481,7 |

8.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “NAVE SERVIZOS MUNICIPAIS EN ALIMPADOIROS (1ª FASE)” DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, INCLUÍDA NO POS 2004. CÓDIGO 04.2100.0279.0.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

Aprobar o proxecto modificado da obra “Nave serv. mpais. en Alimpadoiros (1ª fase)” do concello das Pontes de García Rodríguez incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2004 (Código: 04.2100.0279.0) cun presuposto de contrata de 353.715,81 € que non representa unha variación no seu presuposto total, nin varía a finalidade da obra pero modifica a súa situación.

| <u>Código</u> | <u>Concello</u> | <u>Denominación</u> | <u>Deputación F. propios</u> | <u>Deputación Préstamo</u> | <u>Estado</u> | <u>Concello</u> | <u>Presup. Total</u> |
|----------------|---------------------------|---|------------------------------|----------------------------|---------------|-----------------|----------------------|
| 04.2100.0279.0 | As Pontes de Gª Rodríguez | Nave serv. mpais. en Alimpadoiros (1ª fase) Nova situación: Os Airios | 154.062,59 | 130.395,66 | 51.571,77 | 17.685,79 | 353.715,81 |

9.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE REMATE DA OBRA “EDIFICIO SERVIZOS MÚLTIPLES” DO CONCELLO DE MUXÍA, INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2002. CÓDIGO 02.2300.0078.0.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

"Tendo en conta que mediante Resolución de Presidencia nº 7.174 do 6 de maio de 2004 dispúxose declarar a resolución do contrato de execución da obra "Edificio Servizos Múltiples" do Concello de Muxía incluída no Programa operativo local anualidade 2002. Código: 02.2300.0078.0, quedando un resto pendente de executar.

Visto o proxecto de terminación presentado polo Servizo Provincial de Arquitectura encargado da dirección das obras, con incremento do seu presuposto.

1º.- Aprobar o proxecto de terminación da obra incluída no Programa operativo local anualidade 2002 cuxos datos son os seguintes:

| "Terminación Edificio Servizos Múltiples" Código 02.2300.0078.2 | |
|--|------------------|
| Deputación fondos propios | 455.824,02 |
| Deputación outros | 42.382,46 |
| MAP | 57.701,77 |
| FEDER | 291.740,95 |
| TOTAL | 847.649,2 |

2º.- A aprobación definitiva do presente proxecto de terminación queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 2/2004 aprobado polo Pleno da corporación o 30 de xullo de 2004 no que se inclúe crédito suficiente na partida 0501/519B/60145 do Programa operativo local 2000-2006.

3º.- Dispoñer a súa publicación no BOP para os efectos de que durante 10 días poidan presentarse as alegacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no artº 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da administración xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a recepción da súa solicitude.

5º.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días dende a súa recepción.

6º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei de administración local de Galicia, debendo entenderse emitido informe favorábel no prazo de 10 días dende a recepción da solicitude."

10.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "AMPLIACIÓN COLECTORES SANEAMENTO BEMBIBRE PL." DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA, INCLUÍDA CON CARÁCTER

PLURIANUAL NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL ADICIONAL 1/2003 E POL 2004. CÓDIGO 03.2301.0118.0.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

"Visto o proxecto reformado da obra "Ampliación de colectores de saneamento en Bembibre, pl" do Concello de Val do Dubra, que foi presentado polo servizo director das obras e que representa un incremento no seu presuposto de contrata.

1º.- Aprobar por un importe total de 389.571,46 € o proxecto reformado da obra "Ampliación de colectores de saneamento en Bembibre, pl" do Concello de Val do Dubra, incluída con carácter de plurianual no POL adicional 1/2003 e POL 2004, (Código: 03.2301.0118.0) que foi aprobado mediante acordo plenario adoptado o 25 de abril de 2003.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento debido ao incremento experimentado no presuposto do proxecto reformado que representa a cantidade de **57.784,58€** a prezos de contrata, sendo de **45.582,27€** a prezos de adxudicación. O incremento finánciao integramente a Deputación con cargo á anualidade 2004 (código: 04.2300.0118.1).

Así os datos de financiamento total da obra quedan como segue:

| Ampliación de colectores de saneamento en Bembibre, pl - Concello de Val do Dubra | | | | | |
|--|---|---|----------------------|--|-----------------------|
| | Presuposto proxecto inicial a prezos de contrata | | | Presuposto reformado a prezos de contrata | Diferenza |
| | Anualidade 2003 03.2301.0118.0 | Anualidade 2004 04.2300.0118.0 | TOTAL INICIAL | | 04.2300.0118.1 |
| Deputación f.p. | 29.877,49 | 40.959,02 | 70.836,51 | 128.621,09 | 57.784,58 |
| Deputación Outros | 6.997,07 | 9.592,27 | 16.589,34 | 16.589,34 | 0 |
| MAP | 17.016,87 | 23.328,41 | 40.345,28 | 40.345,28 | 0 |
| FEDER | 86.049,96 | 117.965,79 | 204.015,75 | 204.015,75 | 0 |
| TOTAL | 139.941,39 | 191.845,49 | 331.786,88 | 389.571,46 | 57.784,58 |

3º.- Dispoñer a súa publicación no BOP para os efectos de que durante 10 días poidan presentarse as alegacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos dispostos no artigo 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da administración xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a recepción da súa solicitude.

5º.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días dende a súa recepción.

6º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de

administración local de Galicia, debendo entenderse emitido informe favorábel no prazo de 10 días dende a recepción da solicitude."

7º.- A aprobación definitiva do presente expediente, queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 2/2004 aprobado polo Pleno da Corporación o día 30 de xullo de 2004 no que se inclúe crédito suficiente na partida 0501/519B/60145 para o financiamento do incremento experimentado pola obra".

11.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "AFIRMADO E MELLORA DA CAPA DE RODAXE DOS CAMIÑOS RURAIS NAS PARROQUIAS DE ARDAÑA, ENTRECRUCES, NOICELA, OZA, RUS E SOFÁN, DO CONCELLO DE CARBALLO, INCLUÍDA NO PLAN XXI DE INFRAESTRUTURAS LOCAIS DE TRANSPORTE E DE TRAVESÍAS MUNICIPAIS 2003, CO CÓDIGO 03.3800.0030.0.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

"Aprobar o proxecto reformado da obra denominada **"Afirmado e mellora da capa de rodadura dos camiños en Ardaña, Entrecruces, Noicela, Oza, Rus e Sofán"** (código 03.3800.0030.0) do Concello de Carballo, con contratación correspondente ao concello, que foi incluída no Plan XXI de infraestruturas locais de transporte e de travesías municipais 2003, aprobada polo Pleno da deputación en sesión celebrada o 25 de abril de 2003, dado que introduce modificacións importantes ao substituír un camiño dos previstos no proxecto inicial por catro novos que se han realizar na rede viaria municipal de Carballo, pero sen alterar o orzamento da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto".

No caso de non se presentar alegacións ou reclamacións ao acordo, entenderase definitivamente aprobado".

12.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA PAVILLÓN POLIDEPORTIVO NAS PONTES, DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, INCLUÍDA NA 1ª FASE DA ANUALIDADE 1999 DO PLAN 2000 DEPORTES 1998-2001, CO CÓDIGO 99.3420.0116.7.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

"1º.- Aprobar pola cantidade de 695.799,46 €. sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado da obra **"PAVILLÓN POLIDEPORTIVO NAS PONTES"** (Código 99.3420.0116.7) do Concello das Pontes de García Rodríguez, que foi incluída na 1ª fase da anualidade 1999 do Plan 2000 deportes, aprobada polo Pleno da

deputación en sesión realizada o 30.10.98, e modificado polo Pleno da deputación do 28.03.03 por razón de troco de parcela.

Aprobar, así mesmo, a modificación do seu financiamento por razón do incremento experimentado pola cantidade de 85.639,89 € sobre contrata, co código nº 99.3420.0116.7.

Este incremento financiarao integramente a deputación.

Con isto, os datos de financiamento da obra, calculados sobre o orzamento de contrata, ofrece o seguinte resumo:

| | Proxecto reformado | Proxecto da obra polo troco parcela (99.3420.0116.6) | Incremento (99.3420.0116.7) |
|---------------------|---------------------------|---|------------------------------------|
| Deputación | 616.371,45 | 530.731,56 | 85.639,89 |
| Concello f. propios | 79.428,01 | 79.428,01 | 0 |
| Total..... | 695.799,46 | 610.159,57 | 85.639,89 |

2º.-Condicionar a aprobación deste proxecto reformado á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 2/2004 no que se suplementará crédito abondo na partida 0501/452D/60189 do Plan 2000 deportes para o seu financiamento e que o aprobará o Pleno provincial na vindeira sesión do 30.07.04, ao que tamén se someterá á aprobación do presente expediente.

3º.- Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a inserción dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentar alegacións ou reclamacións ao acordo, entenderase definitivamente aprobado".

13.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DO SEGUNDO PROXECTO DE REMATE DA OBRA "INSTALACIÓN DE REMO E PIRAGÜISMO NA PRAIA DE TAPIA DO CONCELLO DE AMES, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 1998 DO PLAN 2000 DEPORTES CO CÓDIGO 98.3420.0005.0.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

"Visto o proxecto reformado do segundo proxecto de terminación da obra presentado polo Servizo Provincial de Arquitectura, en cuxa memoria xustificativa se recollen as necesidades da realización deste para a finalización da obra, procede:

1º.- Aprobar por un importe total de 163.711,44 € sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado do segundo proxecto de finalización da obra **"INSTALACIÓN DE REMO E PIRAGÜISMO EN PRAIA DE TAPIA"** do Concello de Ames, co código 98.3420.0005.7, incluída na 2ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado da obra que ascende a 26.334,33 € sobre contrata.

Este incremento financiarao integramente a deputación.

Con isto, os datos de financiamento da obra, calculados sobre o orzamento de contrata, ofrece o seguinte resumo:

| Achegas | 2º Proxecto terminación (98.3420.0005.5) | Proxecto reformado | Incremento (98.3420.0005.7) |
|-------------------|---|---------------------------|--|
| Achega deputación | 120.409,29 | 146.743,62 | 26.334,33 |
| Achega concello | 16.967,82 | 16.967,82 | 0 |
| Total..... | 137.377,11 | 163.711,44 | 26.334,33 |

2º.- Condicionar a aprobación deste proxecto reformado á aprobación definitiva do Expediente de modificación de crédito 2/2004, no que se habilitará crédito dabondo na partida 0501/452D/60189 do Plan 2000 deportes para o seu financiamento, e que se someterá á aprobación do Pleno da deputación na mesma sesión plenaria á que tamén se someterá á aprobación do presente expediente.

3º.- Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a inserción dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentar alegacións ou reclamacións ao acordo, entenderase definitivamente aprobado".

14.- APROBACIÓN DO II CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERCEDA PARA REALIZAR OBRAS DE INFRAESTRUTURA NA ANUALIDADE 2004 NO MUNICIPIO DE CERCEDA.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“1º) Aprobar o texto do seguinte convenio....

II CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O ILMO. CONCELLO DE CERCEDA, PARA REALIZAR OBRAS DE INFRAESTRUTURA

Na cidade da Coruña, o do ano dous mil catro

REUNIDOS

Dunha parte, o Ilmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, coas atribucións que lle confire o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra, o Sr. D. José García Liñares, Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de Cerceda, coas atribucións que lle confire o art. 21.1.b) da referida Lei 7/1985.

Actúa como secretario o secretario xeral da deputación, D. José Luis Almau Supervía.

MANIFESTAN

Primeiro.- Co obxecto de dar a debida interpretación e cumprimento á Lei 7/1981, do 25 de marzo, pola que se creou o canon sobre a produción de enerxía eléctrica, e despois de realizar os oportunos estudos técnicos, a Deputación Provincial da Coruña e máis o Concello de Cerceda, a través dos acordos plenarios do 9 de agosto de 1996 e do 26 de xuño de 1996, respectivamente, autorizaron aos seus presidentes para chegar a unha transacción que compensara reciprocamente as pretensións de ambas as dúas administracións locais, instrumentándose un convenio que se axustase aos requisitos esixidos no art. 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, todo o que se materializou no Convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerceda sobre o canon de enerxía eléctrica, que subscribiron o 21 de agosto de 1996 ambas as dúas administracións.

Segundo.- En virtude do dito convenio, a Deputación Provincial da Coruña comprometeuse a realizar investimentos no termo municipal de Cerceda durante o período 1996-2000, dunha banda destinados a obras de infraestrutura (incluída a adquisición de terreos), e por outra banda a gastos relativos ao Circuito

Galego de Velocidade como a confección do proxecto, e no seu caso a merca de terreos, o pagamento de expropiacións e a execución das obras correspondentes ao circuíto de velocidade, indicando expresamente que se por causas excepcionais non se puideran levar a cabo, total ou parcialmente, os investimentos previstos no circuíto de velocidade, o seu importe incrementaría as obras de infraestrutura.

Esta deputación abooulle ao Concello de Cerceda a parte correspondente ás obras de infraestrutura, pero só unha parte da prevista para o circuíto de velocidade de Cerceda, quedando pendente do seu aboamento a cantidade de 395.053,12 €.

Terceiro.- Tendo en conta o sinalado na cláusula terceira do devandito convenio, onde se indicaba que os investimentos previstos deberían estar xustificadas na súa totalidade perante a deputación con anterioridade ao día 31 de decembro de 2001, pódese concluír que este convenio non se poderá prorrogar por ter transcorrido o seu período de vixencia.

Por todo o antedito e posto que a non execución da totalidade do Circuíto de Velocidade de Cerceda non dependeu do Concello de Cerceda senón de causas alleas non imputábeis a el, é polo que mediante a Moción de Presidencia con data do 07.06.04 propónse a sinatura dun novo convenio, en virtude do que se lle permita ao Concello de Cerceda realizar novas obras de infraestrutura polo importe pendente de 395.053,12 €, que é a cantidade que se consignará para o seu financiamento a través do expediente de modificación de crédito desta deputación 2/2004.

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cerceda, para realizar obras de infraestrutura (incluída a adquisición de terreos para executar as obras) ou equipamentos delas, no termo municipal de Cerceda durante a anualidade 2004.

As obras que hai que realizar nos termos deste convenio deberán ser seleccionadas polo Concello de Cerceda dentro das obras e servizos establecidos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985.

As obras deberán ser completas e identificarse cun proxecto técnico que as defina.

As subministracións ou equipamentos deberán referirse a adquisicións de bens asociados ao obxecto do convenio e que se poidan cualificar como gastos de investimento.

O presuposto mínimo dos investimentos que ha solicitar o concello para a súa inclusión no convenio fíxase para as obras na cantidade de 31.000 €, e para as subministracións na cantidade de 13.000 €.

Segunda.-Financiamento

A Deputación Provincial da Coruña financiará as obras de infraestruturas cunha achega provincial total por importe de 395.053,12 €.

Non obstante, o concello poderá realizar achegas municipais voluntarias para completar o seu financiamento. Neste caso o concello deberá adoptar o compromiso de incluír no seu orzamento municipal crédito abondo para o seu financiamento.

Faise constar que non haberá achegas doutras entidades públicas ou privadas en relación co obxecto deste convenio.

Terceira.- Denominación e aplicación orzamentaria

Este convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cerceda para realizar obras de infraestrutura e equipamentos municipais para a anualidade 2004 financiarase cunha achega provincial de 395.053,12 €, que se habilitará na aplicación 0501/911B/76284 do orzamento provincial 2004 a través do expediente de modificación de crédito que tramite a deputación, e pola achega municipal voluntaria do concello que sexa posíbel realizar para completar o financiamento dos investimentos.

Cuarta.- Forma e prazo de solicitude

O concello deberá presentar no Rexistro Xeral da deputación, ou na forma disposta no art. 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, até o día 30 de outubro de 2004 incluído, a seguinte documentación, do xeito sinalado:

- Certificación do acordo plenario municipal de aprobación das obras ou dos equipamentos e dos correspondentes proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas, no seu caso, elaborados polo concello.

- Proxectos técnicos das obras ou pregos das prescricións técnicas dos equipamentos en exemplar duplicado.

- Certificación acreditativa de que o concello dispón dos terreos, concesións e autorizacións administrativas necesarios para executar as obras.

- Plan de financiamento, onde conste, para cada unha das obras ou dos equipamentos, a achega provincial, e no seu caso, a municipal.

- No caso de realizar o concello algunha achega ás obras ou equipamentos, a certificación da existencia de crédito dabondo no presuposto do orzamento municipal.

4.1.- Certificación do acordo plenario municipal de aprobación dos investimentos

Farase constar neste acordo a relación das obras ou dos equipamentos con indicación da súa denominación e presuposto sinalando o plan de financiamento relativo a cada un dos investimentos solicitados, de xeito que se detalle para cada obra o importe que se financia con cargo a achega provincial e, no seu caso a que se realiza con cargo a achega municipal voluntaria. No caso de realizarse achega municipal voluntaria, no mesmo acordo deberase adoptar o compromiso de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o seu financiamento.

Asemade, no dito acordo farase constar expresamente que o concello conta cos terreos necesarios para executar as obras, e que no suposto de que se soliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio público que estean sometidos a autorización ou concesións administrativas, o concello se comprometa á súa obtención con carácter previo á licitación da obra.

Ademais neste acordo aprobaranse as obras ou equipamentos que o concello desexe incluír con carácter supletorio, para seren financiados con cargo ás baixas de licitación que se produzan nas obras ou nos equipamentos, de xeito que o seu financiamento queda condicionado a que efectivamente se produzan.

(Para as obras e os equipamentos cuxa inclusión se solicite con carácter supletorio aplicaranse os orzamentos mínimos esixidos para estes investimentos conforme ao sinalado na cláusula 1 deste convenio).

4.2.- Documentación descritiva das obras e dos equipamentos

4.2.a) Para as obras

Proxectos técnicos en exemplar duplicado, co contido establecido no art. 124 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas.

O orzamento mínimo das obras establécese en 31.000,00 €.

4.2.b) Para os equipamentos

Prego de prescricións técnicas onde se detallan as distintas unidades do seu contido coas súas características técnicas, a súa cuantificación e o seu prezo unitario.

O orzamento mínimo dos equipamentos establécese en 13.000,00 €.

Quinta.- Contratación

Á vista da documentación remitida polo Concello de Cerceda, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobará os proxectos correspondentes das obras ou pregos de prescricións técnicas dos equipamentos, co acordo expreso de delegación da contratación e execución destes investimentos no concello, de conformidade co establecido no Decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e conforme aos pregos-tipo de condicións da deputación, mediante poxa ou concurso con procedemento aberto, ou mediante procedemento negociado sen publicidade cando as obras teñan un orzamento inferior a 60.101,21 €.

Non obstante, poderase utilizar o sistema de execución directa por administración para as obras que se inclúan neste convenio, de conformidade co disposto no art. 152 da Lei de contratos das administracións públicas e art. 174 e seguintes do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.

As baixas de licitación que se produzan aplicaranse en primeiro lugar a minorar a achega municipal voluntaria se a houbera. No caso de que non exista achega municipal, ou que o seu importe sexa inferior á baixa producida, as baixas que minoren a achega da deputación poderanse destinar ao financiamento dos investimentos contidos no convenio con carácter supletorio.

A contratación das obras e dos equipamentos deberá estar realizada antes do 30 de xuño de 2005, agás solicitude de prórroga motivada.

O Concello de Cerceda remitiralle á Deputación Provincial da Coruña os datos de adjudicación das obras ou equipamentos e os documentos administrativos nos que se formalicen os correspondentes contratos.

Sexta.- Execución

As obras ou equipamentos executaraas o concello con arreglo ao proxecto ou prescricións técnicas das subministracións incluídas no convenio.

Dende o comezo das obras até a súa recepción deberá colocarse un cartel de conformidade ao modelo facilitado pola deputación cos datos da obra.

Os investimentos incluídos neste convenio deberán estar rematados e xustificadas antes do día 1 de decembro de 2006.

Non obstante este prazo poderá ser obxecto de ampliación pola solicitude do concello e por razóns xustificadas.

Sétima.- Pagamento da achega da deputación

A xustificación e realización dos investimentos realizaraa o concello presentando as certificacións de execución das obras, ou facturas e actas de recepción das subministracións, e a certificación do secretario do concello na que se faga constar que foron aprobadas polo órgano competente municipal.

As certificacións de execución das obras presentaranse no modelo oficial correspondente aos plans provinciais da deputación e o seu importe non poderá ser inferior á cantidade de 6.000 €, salvo a derradeira certificación. Unha vez rematadas as obras deberase xuntar acta da recepción delas xunto coa derradeira certificación de execución.

A deputación aboaralle ou transferiralle ao concello o importe correspondente á achega provincial aos investimentos realizados, despois da verificación da adecuación das certificacións ou facturas ao proxecto ou prescricións das subministracións aprobados no convenio.

O total do importe que ha aboar a deputación non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula 2ª do convenio.

No caso de que o importe final da obra fose superior, calquera exceso (reformado, complementarios, liquidacións) que se produza sobre o importe de adxudicación será por conta do concello.

Oitava.- Destino e comprobación pola deputación

O Concello de Cerceda comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se conceden, podendo comprobar a Deputación da Coruña, cando o estime pertinente, as obras executadas conforme ao convenio ou os equipamentos subministrados conforme ao devandito.

O mantemento e adecuada conservación das obras ou dos equipamentos adquiridos (que pasarán a ser bens de titularidade municipal), serán por conta do Concello de Cerceda.

Novena.- Vixencia

O presente convenio iniciará a súa vixencia na data da súa sinatura e finalizará con anterioridade ao día 1 de decembro de 2006 prorrogábel por causas xustificadas (deberase entregar a documentación xustificativa sinalada na cláusula 4ª dentro do dito prazo).

Así o din, asinan e outorgan en exemplar cuadruplicado no lugar e na data fixados no encabezamento.

| | |
|---------------------------------------|-----------------------------------|
| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, | O ALCALDE DO CONCELLO DE CERCEDA, |
| Asdo.: Salvador Fernández Moreda | Asdo.: José García Liñares |

2º) Condicionar a aprobación deste convenio á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 2/2004, no que se habilite crédito dabondo para o seu financiamento no orzamento provincial para o exercicio 2004, e que se someterá á aprobación inicial do Pleno da deputación na mesma sesión plenaria á que se someterá a aprobación deste texto do convenio.

3º) Conferir a autorización ao presidente desta deputación para asinar o Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cerceda, para realizar investimentos en obras de infraestrutura ou equipamentos no termo municipal de Cerceda na anualidade 2004, que se producirá o antes posíbel, a partir de que a deputación en virtude da sesión plenaria, preste a súa aprobación ao texto do convenio e unha vez que se aprobe definitivamente o Expediente de modificación de crédito 2/2004 no que se habilite crédito dabondo para o seu financiamento no orzamento provincial 2004.

Asemade, deberá aprobar o texto do convenio o Pleno do Concello de Cerceda con anterioridade á súa sinatura.”

15.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE REMATE DA OBRA “PAVILLÓN POLIDEPORTIVO LAMAS DE CASTELO”, DO CONCELLO DE CARNOTA, INCLUÍDA NA 2ª FASE DO PLAN 2000 DEPORTES- ANUALIDADE 1998, CO CÓDIGO 98.3420.0022.0.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión (coa emenda aprobada):

"Visto o expediente de resolución de contrato da obra "PAVILLÓN POLIDEPORTIVO LAMAS DE CASTELO" do concello de Carnota, incluído na 2ª fase da anualidade 1998 do plan 2000 deportes 1998-2001, co código 98.3420.0022.0, que actualmente se atopa en trámite.

Visto o proxecto de terminación redactado polo Servizo Provincial de Arquitectura e demais documentación xustificativa:

1º.- Aprobar por un importe total de 502.000,00 euros sobre o orzamento de contrata, o proxecto de terminación da obra "**PAVILLÓN POLIDEPORTIVO LAMAS DE CASTELO**" do Concello de Carnota, co código 98.3420.0022.7.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto de terminación da obra que ascende a 301.954,43 euros sobre contrata.

Este incremento financiarao integramente a deputación.

Con isto, os datos de financiamento da obra, calculados sobre o orzamento de contrata, ofrece o seguinte resumo:

| | Proxecto terminación (Código 98.3420.0022.7) | |
|-------------------|---|--|
| Achegas | Orzamento contrata | Incremento (Novo - pdte. executar do inicial) |
| Deputación | 472.751,19 | 301.954,43 |
| Concello | 29.248,81 | 0 |
| Total..... | 502.000 | 301.954,43 |

2º.- Condicionar a aprobación deste proxecto de terminación á aprobación definitiva do Expediente de modificación de crédito 2/2004, no que se habilitará crédito dabondo na partida 0501/452D/60189 do Plan 2000 deportes para o seu financiamento, e que se someterá á aprobación do pleno da deputación na mesma sesión plenaria á que tamén se someterá a aprobación do presente expediente.

3º.- Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a inserción dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentar alegacións ou reclamacións ao acordo, entenderase definitivamente aprobado".

16.- APROBACIÓN DO PROXECTO ACTUALIZADO DE OBRAS COMPLEMENTARIAS NO PAVILLÓN DE CARNOTA, DO CONCELLO DE CARNOTA, INCLUÍDA NO CONVENIO XUNTA-DEPUTACIÓN DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS 1997-2001, CO CÓDIGO 99.7450.0005.0.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión (coa emenda aprobada):

Visto o expediente de resolución de contrato da obra “Obras complementarias no pavillón de Carnota” do Concello de Carnota, incluída na 2ª fase do Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña 1997-2001 para a reforma e construción de instalacións deportivas, código 99.7450.0005.0, que actualmente encóntrase en trámite.

Visto o proxecto actualizado redactado polo Servizo Provincial de Arquitectura e demais documentación xustificativa.

Tendo en conta o informe técnico emitido polo Servizo de Arquitectura relativo aos honorarios correspondentes a este proxecto actualizado da obra:

1º.-Aprobar por un importe total de 105.000,00 euros sobre o presuposto de contrata, o proxecto actualizado do proxecto de execución da obra “Obras complementarias no pavillón de Carnota” do Concello de Carnota, co código 99.7450.0005.0.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto de actualización que ascende a 47.740,75 euros sobre contrata.

A deputación financiará integramente este incremento.

Por isto, os datos de financiamento da obra calculados sobre o presuposto de contrata, ofrece o seguinte resumo:

| | |
|-----------------------|----------------------|
| Código 99.7450.0005.0 | Proxecto actualizado |
| Deputación | 98.869,68 |

| | |
|-------------------------|----------|
| Concello fondos propios | 6.130,32 |
| Total | 105.000 |

2º.- Aprobar os honorarios de control de calidade correspondentes ao proxecto actualizado da obra citada, por importe de 1.050,00 euros, código 99.7450.0005.7.

Aprobar os honorarios de coordinación de seguridade e saúde do proxecto actualizado da obra que ascenden á cantidade de 672,41 euros.

3º.-Condicionar a aprobación deste proxecto de actualización do proxecto de execución da obra citada, así como a dos honorarios correspondentes a el, á aprobación definitiva do Expediente de modificación de crédito nº 2/2004, no que se suplementará crédito dabondo na Partida 0501/452D/60173 do Convenio Xunta-Deputación para a reforma e construción de instalacións deportivas para o seu financiamento, e que se someterá á aprobación do Pleno da deputación na mesma sesión plenaria á que se someterá tamén a aprobación do presente expediente.

4º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para o coñecemento e informe da Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións a el, entenderase definitivamente aprobado.

17.- EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE PARTE DO EDIFICIO “LA MILAGROSA” PARA A AMPLIACIÓN DO CENTRO XERONTOLÓGICO E INICIACIÓN DE TRÁMITES PARA A CESIÓN DE USO. (3ª CESIÓN).

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

1.- Aprobar inicialmente o Expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio de "A Milagrosa", cuxa descrición figura e o plano remitido polo Servizo de Arquitectura para a súa cualificación como ben patrimonial. En concreto, a superficie total que se ha desafectar para ser posteriormente cedida é de 653,50 m² coa seguinte desagregación:

- Superficie construída en planta 2ª592,60 m²
- Escalera planta baixa19,60 m²
- Escalera planta 1ª19,00 m²
- Escalera planta 2ª22,30 m²

2.- Expor o citado expediente a información pública durante o prazo dun mes contado dende a publicación no BOP, para os efectos de reclamación entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producisen.

3.- Iniciar o expediente de cesión de uso á U.D.P. nos mesmos termos que na cesión de uso inicial, condicionado á aprobación definitiva do expediente de alteración de cualificación xurídica do ben, non sendo necesario incorporar os documentos a que se refire o art. 110 do Regulamento de Bens por ter sido xa presentados con ocasión da cesión inicial, entendéndose que non é necesario o ben nos próximos dez anos para os efectos do art. 110 e do Regulamento de bens das entidades locais aprobado por Real decreto 1372/1986.

4.- Facultar ao presidente da Corporación para executar o presente acordo.

18.- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A UTILIZACIÓN DE USO DE ESPAZOS DO COLEXIO “LA MILAGROSA” PARA IMPARTIR OS ESTUDOS UNIVERSITARIOS DE RELACIÓNS LABORAIS (AMPLIACIÓN DE CESIÓN).

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

1.- Aprobar a formalización dun Convenio de Colaboración coa Universidade da Coruña para a autorización de uso de espazos do Colexio A Milagrosa para impartir os estudos universitarios de Relacións Laborais (ampliación da cesión)

2.- Facultar ao presidente da Corporación para executar o presente acordo.

19.- PROXECTO REFORMADO DA OBRA “REHABILITACIÓN DO ADRO DA IGREXA MONTEAGUDO” CONCELLO DE ARTEIXO, INCLUÍDA NA 7ª FASE DO PLAN 2000 DE RECUPERACIÓN DE ARQUITECTURA POPULAR.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o proxecto técnico modificado da obra "Adro da igrexa de Monteagudo" (Arteixo) Cód.: 99.4100.0398.0 PAP. orzada na cantidade de 30.052,56.-euros.

O proxecto técnico modificado apróbbase ante a necesidade de readaptar o orzamento para adecualo ás necesidades de desenvolvemento da obra.

O orzamento da obra, que ascende a 30.052,56.-euros será cofinanciado pola Deputación e o Concello de Arteixo con cargo á Partida 0305/469.A/763.31 do

orçamento da Corporación na contía de 29.962,35.-euros e unha achega municipal de 90,21.-euros.

2.- Dispor a exposición pública da Memoria técnica aprobada mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

3.- Facultar ao presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

20.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA 1ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2004 E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión (coa emenda aprobada):

“De conformidade coas Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Proxecto de travesías provinciais 2004-2007 aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de abril de 2004, expostas no Boletín Oficial da Provincia nº 104 do 08-05-2004 e coa aprobación inicial do Proxecto de travesías 2004 1ª fase aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de abril de 2004:

1.- Aprobar provisionalmente a 1ª FASE DO PROXECTO DE TRAVESÍAS 2004 integrada polos proxectos que se relacionan por ser os que se axustan ao disposto nas BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN DE INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PROXECTO DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007.

| CÓDIGO | DENOMINACION | ORZAMENTO |
|----------------|--|------------------|
| 04.1130.0002.0 | TRAVESÍA DE ARNADOS. RAZO (2ª FASE) CARBALLO | 170.451,99 |
| 04.1130.0003.0 | MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA E.P. 6121 EN FEÁS (DENDE P.K. 2+379 A P.K. 3+710, 1ª FASE (CARIÑO) | 635.922,36 |
| 04.1130.0004.0 | AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 3503 (P.K. 0+400 A P.K. 1+200) (FENE) | 822.361,80 |
| 04.1130.0005.0 | ENSANCHE E ACONDICIONAMENTO DA E.P. 3608 DE FERIA DO 2 EN SERANTES A DONIÑOS, P.K. 0,00 A P.K. 1,20 (FERROL) | 892.467,58 |
| 04.1130.0007.0 | TRAVESÍA MOURELA-O ROXAL, 2ª FASE (NEDA) | 299.774,36 |

| | | |
|----------------|---|--------------|
| 04.1130.0008.0 | SEPARATA Nº 2 ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA E.P. 5601 RÚA DO CARME DE NEGREIRA. (NEGREIRA) | 286.469,98 |
| 04.1130.0009.0 | ACONDICIONAMENTO DE TRAVESÍAS URBANAS EN NOIA (MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE) | 164.500,00 |
| 04.1130.0010.0 | ACONDICIONAMENTO DA E.P. 3802 DE ORDES A PONTECARREIRA, P.K. 0,00 A P.K. 0,71 (ORDES) | 217.118,72 |
| 04.1130.0011.0 | MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA E.P. 8902 SARANDÓN A SOL P.K. 3+700-P.K. 4+000 (VEDRA) | 64.273,05 |
| 04.1130.0006.0 | ENSANCHE E ACONDICIONAMENTO DA E.P. 3614 DE GÁNDARA AO KM. 3 DA ESTRADA FERROL-CEDEIRA, P.K. 1,89 A P.K. 2,61 (NARÓN) | 616.596,47 |
| TOTAL..... | | 4.169.936,31 |

Polo que respecta ao proxecto ENSANCHE E ACONDICIONAMENTO DA E.P. 3614 DE GÁNDARA AO KM. 3 DA ESTRADA FERROL-CEDEIRA, P.K. 1,89 A P.K. 2,61 (NARÓN) quedará condicionada a súa aprobación definitiva á aprobación da separata redactada polo Servizo de Vías e Obras Provinciais por parte do Concello de Narón.

2.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o proxecto e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.

3.- Solicitalle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, que fai necesaria a execución da variante, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

A RELACIÓN DE PROXECTOS PARA A SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA É:

| CÓDIGO | DENOMINACION | VALORACION ESTIMADA DE EXPROPIACIÓN |
|----------------|--|-------------------------------------|
| 04.1130.0003.0 | MELLORA DE SEGURIDADE VIAL EN E.P. 6121 EN FEÁS (DENDE P.K. 2+379 A P.K. 3+060, 1ª FASE DO P.K. (CARIÑO) | 32.392,61 |
| 04.1130.0004.0 | AMPLIACIÓN E MELLORA DO | 66.214,13 |

| | | | |
|----------------|---|--|-----------|
| | TRAZADO DA E.P. 3503 (P.K. 0+400 A P.K. 1+200) (FENE) | | |
| 04.1130.0005.0 | ENSANCHE E ACONDICIONAMENTO DA E.P. 3608 DE FEIRA DO 2 EN SERANTES A DONIÑOS, P.K. 0,00 A P.K. 1,20 (FERROL) | | 48.674,09 |
| 04.1130.0006.0 | ENSANCHE E ACONDICIONAMENTO DA E.P. 3614 DE GANDARA AO KM. 3 DA ESTRADA FERROL-CEDEIRA, P.K. 1,89 A P.K. 2,61 (NARON) | | 58.270,49 |
| 04.1130.0007.0 | TRAVESÍA MOURELA-O ROXAL, 2ª FASE (NEDA) | | 35.000,00 |
| 04.1130.0010.0 | ACONDICIONAMENTO DA E.P. 3802 DE ORDES A PONTECARREIRA, P.K. 0,00 A P.K. 0,71 (ORDES) | | 256,00 |

4.- Someter a información pública o referido expediente de expropiación mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.

5.- Deixar para mellor estudo, os proxectos que se relacionan tendo en conta que a modificación do proxecto a que se refire a base 4ª, non se axusta aos requirimentos establecidos na citada base, tendo en conta que se condiciona polo concello á redacción dun proxecto con ampliacións .

| CÓDIGO | DENOMINACION | ORZAMENTO |
|----------------|---|------------|
| 04.1130.0012.0 | ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA E.P. 9301 DA ESTRA. CORUÑA-FISTERRA Á ESTRA. BAIO-PONTECESO. P.K. 0+000 A P.K. 1+320 (ZAS) | 181.539,49 |
| TOTAL..... | | 181.539,49 |

6.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprobe definitivamente o proxecto e consten as correspondentes autorizacións e permisos así como a dispoñibilidade dos terreos.”

21.- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO REFORMADO DA AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 3203 BURRICIOS A PENAMARTÍN DESDE O P.K. 0 ATÉ O P.K. 6,38, OZA DOS RÍOS E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN

DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar tecnicamente o proxecto REFORMADO DO DE AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 3203 BURRICIOS A PENAMARTÍN DENDE O P.K. 0 ATÉ O P.K. 6,38 (OZA DOS RÍOS), polo seu orzamento de contrata de 1.054.959,95.- euros, código 03.1110.0010.0.

2.- Solicitarlle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras, de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro do 1983 da Consellaría da Presidencia e en base aos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas achegadas á estrada, que fan necesaria a execución da variante, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

Non obstante, con carácter previo deberá intentarse o mutuo acordo cos afectados.

3.- Expoñer ao público o referido proxecto durante o prazo de 10 días para efectos de reclamacións.

4.- Someter a información pública o referido expediente expropiatorio mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de 15 días para reclamacións.”

22- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 0301 PARADA A CONGOSTO POR PONTE ARANGA P.K. 8,300 A 11,570, ARANGA.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o Proxecto REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 0301 DE PARADA A CONGOSTO POR PONTE ARANGA P.K. 8,300 A 11,570, ARANGA, código 03.1110.0001.1, polo seu orzamento de contrata de 593.236,25 euros, que representa un incremento respecto o primitivo de 96.785,28.- euros.

2.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo *CONSTRUCCIONES CONCIFA, S.L*, CIF: B-15317373, as modificacións do

contrato, que aplicando a baixa da adjudicación supón un novo orzamento de adjudicación de 504.250,42.- euros, que representa un incremento respecto do primitivo de 82.267,42.- euros.

3.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 3.290,70.- euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 20.170,02.- euros.”

23.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO INSTALACIÓN PROTECCIÓN CIVIL DE CERCEDA.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar con carácter definitivo a modificación da instalación de protección civil de Cerceda conforme ao cadro de financiamento e previsións que a continuación se detallan.

| CONCELLO | M | Presuposto contrata 99.4000.0024.0 | Estudio de s. e saúde 99.4000.0024.2 | Tarifa 7ª 99.4000.0024.4 | Co-dirección de obra 99.4000.0024.3 | Control calidade 99.4000.0024.1 | Presuposto total |
|----------------------------------|---|---------------------------------------|---|-----------------------------|--|------------------------------------|------------------|
| Cerceda | 2 | 122.601,90 | 666,05 | 1.803,04 | 2.764,66 | 1.135,91 | |
| Importes para incrementar conxos | | | 114,32 | 309,47 | 474,51 | 194,97 | 1.093,27 |
| Importes totais propostos | | 122.601,90 | 780,37 | 2.112,51 | 3.239,17 | 1.330,88 | 130.064,83 |

2- Dispoñer a exposición pública dos proxectos e documentación integrante no presente acordo mediante a inserción dun anuncio no BOP para efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobado no caso de non presentarse ningunha.

3.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida nos art. 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de admón. local de Galicia, debendo considerarse emitidos favorabelmente unha vez transcorridos 10 días dende a súa remisión.

4.- Facultar ao presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do acordo.”

24.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL DE NARÓN.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“1. Aprobar o proxecto de finalización da obra "Instalación de protección civil en Narón", Concello de Narón, código 99-4000-0054.6, por importe de 177.423,26 euros, partida 0305/223A/62210. do orzamento da Corporación para o 2004.

2.- Aprobar os novos honorarios de tarifa VII, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade e co-dirección do proxecto de finalización de acordo co seguinte detalle:

| | | | | | | | |
|-------|---|--------------------------------------|--|-----------------------------|--|------------------------------------|-----------------|
| CONC. | M | Orzamento contrata 99.4000.0054.6 | Estudo de s. e saúde 99.4000.0054.2 | Tarifa 7ª 99.4000.0024.4 | Co-dirección de obra 99.4000.0054.3 | Control calidade 99.4000.0054.1 | Orzamento total |
|-------|---|--------------------------------------|--|-----------------------------|--|------------------------------------|-----------------|

| | | | | | | | |
|--|---|------------|--------|----------|----------|----------|------------|
| Narón | 2 | 177.423,26 | 666,05 | 1.803,04 | 2.764,66 | 1.262,13 | |
| Importes con incremento contratos anexos | | | 130,25 | 390,75 | 599,15 | 1.774,23 | |
| Importes totais propostos | | 177.423,26 | 796,3 | 2.193,79 | 3.363,81 | 3.036,36 | 186.813,52 |

3.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

4.- Facultar ao presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo".

25.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS A ENTIDADES DEPORTIVAS DA PROVINCIA, RELACIÓN Nº 2/2004.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“Concederlles ás entidades deportivas da provincia que figuran na **relación nº 2/2004**, que se xunta, as subvencións nominativas polos importes que se indican nela, que fan un total de **49.780,11 €** de acordo co seguinte resumo:

| FEDERACIÓNS | Nº CLUBS | IMPORTES |
|--------------|----------|----------|
| Atletismo | 1 | 672,26 |
| Bádminton | 2 | 1.683,00 |
| Baloncesto | 3 | 660,00 |
| Espeleoloxía | 2 | 1.026,23 |
| Fútbol | 5 | 9.420,00 |
| Judo | 19 | 8.610,62 |
| Montañismo | 2 | 1.690,00 |

| | | |
|------------------------------|-----------|------------------|
| Motonáutica | 5 | 1.600,00 |
| Tenis de mesa | 16 | 22.416,00 |
| Triatlón e pentatlón moderno | 2 | 412,00 |
| Xadrez | 1 | 150,00 |
| Totais | 58 | 49.780,11 |

En cumprimento do establecido na base 48ª.- 3ª das de execución do presuposto desta Deputación para 2004, as subvencións concédense nas seguintes condicións:

1.- Titulares das subvencións: As 58 entidades deportivas da provincia que figuran na relación nº 2/2004 adxunta.

2.- Importes das subvencións: os que figuran de xeito individualizado para cada unha das entidades relacionadas.

3.- Obxecto das subvencións:

* A organización da actividade deportiva federada e doutras actividades de especial transcendencia social que contribúan á promoción deportiva.

* A participación ou organización de competicións deportivas de carácter oficial.

* A adquisición de material deportivo de competición ou adestramento, sempre que o material sexa de carácter funxíbel.

* A mellora de infraestruturas, ampliación de instalacións náuticas ou mantemento das xa existentes que teñan un orzamento que non exceda de sesenta mil cen euros (60.100 €), para as entidades da área de deportes náuticos olímpicos.

4.- Xustificación e pagamento:

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, polo menos, o dobre da subvención concedida.

No caso de que se tiveran máis subvencións cás da Deputación da Coruña e da Xunta de Galicia, para o mesmo obxecto, terán que xustificarse gastos pola suma das subvencións.

Para o cobramento da subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

4.1.- Declaración da totalidade das subvencións obtidas para o mesmo obxecto.

4.2.- Acreditación da realización de gastos, da forma seguinte:

A) A xustificación de gastos de transporte, compra de equipamentos e material e, en xeral os gastos correntes, realizarase mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

Os gastos federativos, cotas de inscrición e arbitaxes poderán xustificarse con certificación expedida pola federación correspondente.

Os gastos de mutualidade e seguros poderán xustificarse con certificación expedida polo organismo correspondente.

B) A adquisición de material deportivo de competición ou adestramento: facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

C) A mellora de infraestruturas, construción de instalacións náuticas ou realización de obras de reforma: certificación de obra e relación valorada subscrita por técnico competente.

4.3.- Certificación dos datos da conta bancaria na que se cobrará a subvención, conforme ao modelo de certificación aprobado pola Deputación.

Os xustificantes deberán referirse a gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2003 até o 31 de xullo de 2004.

5.- Prazo de xustificación:

O prazo de presentación da documentación xustificativa para o cobramento das subvencións contidas no presente acordo rematará o 15 de outubro de 2004.

O incumprimento do prazo de xustificación suporá a perda do dereito a percibir a subvención.

6.- Consideracións xerais:

Para o non previsto neste acordo serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2004 e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.”

***SUBVENCIONES NOMINATIVAS A ENTIDADES DEPORTIVAS
RELACION Nº 2 / 2004***

FEDERACIÓN: ATLETISMO

| <i>CONCELLO</i> | <i>DENOMINACIÓN</i> | <i>CIF</i> | <i>SUBV2003</i> |
|---|----------------------------|-------------------|------------------------|
| NARÓN | CLUB ATLETISMO NARÓN | G-15215759 | 672,26 € |
| <i>Total subvencions ano 2003:</i> | | | <i>672,26 €</i> |

FEDERACIÓN: BÁDMINTON

| <i>CONCELLO</i> | <i>DENOMINACIÓN</i> | <i>CIF</i> | <i>SUBV2003</i> |
|-----------------|--------------------------|------------|-----------------|
| A CORUÑA | CLUB DO MAR DE SAN AMARO | G15057870 | 1.262,00 € |
| SANTIAGO | CLUB BÁDMINTON SANTIAGO | G-15750524 | 421,00 € |
| DE COMPOSTELA | | | |

Total subvencions ano 2003: 1.683,00 €

FEDERACIÓN: BALONCESTO

| CONCELLO | DENOMINACIÓN | CIF | SUBV2003 |
|------------------------------------|-------------------------|------------|-----------------|
| OLEIROS | CLUB BALONCESTO OLEIROS | G-15802010 | 150,00 € |
| TEO | CALO S.R. | G.15069883 | 360,00 € |
| ZAS | CLUB BALONCESTO BAIO | G-15849151 | 150,00 € |
| Total subvencions ano 2003: | | | 660,00 € |

FEDERACIÓN: ESPELEOLOXÍA

| CONCELLO | DENOMINACIÓN | CIF | SUBV2003 |
|------------------------------------|---------------------|------------|-------------------|
| A CORUÑA | G.E.S. BRIGANTIUM | G-15159296 | 411,74 € |
| A CORUÑA | S.M. ÁRTABROS | G-15068349 | 614,49 € |
| Total subvencions ano 2003: | | | 1.026,23 € |

FEDERACIÓN: FÚTBOL

| CONCELLO | DENOMINACIÓN | CIF | SUBV2003 |
|------------------------------------|-------------------------------------|------------|--------------------|
| CERCEDA | CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO CERCEDA | G-15434079 | 9.300,00 € |
| NEGREIRA | ASOCIACIÓN DEPORTIVA NICRARIENSE | G.15561293 | 600,00 € |
| OLEIROS | A.C.D.R. ESCOLA SAN PELAIO | G-15724669 | 720,00 € |
| OLEIROS | SANTA CRUZ C.F. | G-15380082 | 120,00 € |
| OLEIROS | UNIÓN CAMPESTRE F.C. | G-15326119 | 120,00 € |
| Total subvencions ano 2003: | | | 10.860,00 € |

FEDERACIÓN: JUDO

| CONCELLO | DENOMINACIÓN | CIF | SUBV2003 |
|---------------------------|---|-------------|-----------------|
| A CORUÑA | AGRUPACIÓN DEPORTIVA MIGUELIÑO | G-15637614 | 1.807,62 € |
| A CORUÑA | AGRUPACIÓN DEPORTIVA LICEO | G15255490 | 584,00 € |
| A CORUÑA | ASOCIACIÓN DEPORTIVA KARBO | G-15510514 | 480,00 € |
| A CORUÑA | C.D. CALASANZ | G-.15201387 | 166,00 € |
| A CORUÑA | CLUB XIMNASIO JK | G-15551914 | 259,00 € |
| A CORUÑA | CLUB MANCONTRO AIKIRO | G-15448608 | 134,00 € |
| A CORUÑA | CLUB XIMNASIO FIBRA | G-15579782 | 276,00 € |
| A CORUÑA | ESCOLAS D. EUSEBIO DA GUARDA | G-15059272 | 253,00 € |
| A CORUÑA | JUDO CLUB ABEGONDO | G-15946528 | 184,00 € |
| A CORUÑA | JUDO CLUB CORUÑA | G-15557853 | 912,00 € |
| A CORUÑA | JUDO CLUB SHIAI | G-15552292 | 959,00 € |
| A CORUÑA | SANTA MARÍA DO MAR C.D.C. | G-.15142987 | 172,00 € |
| CAMBRE | AGRUPACIÓN POLIDEPORTIVA DE CAMBRE | G-15145428 | 257,00 € |
| FENE | CLUB AGRUPACIÓN DEPORTIVA MAPA | G-15764251 | 230,00 € |
| NARÓN | CLUB XIMNASIO NARÓN | G-15616477 | 642,00 € |
| OLEIROS | JUDO CLUB OLEIROS | G-15686074 | 487,00 € |
| SANTIAGO DE COMPOSTELA | CLUB DE JUDO VILAS-ALBORADA | B-15363849 | 158,00 € |
| SANTIAGO DE COMPOSTELA | CLUB DEPORTIVO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO | G-.15212541 | 527,00 € |
| TEO | CLUB SAN FRANCISCO DE TEO | G-.15861701 | 123,00 € |

Total subvencions ano 2003: 8.610,62 €

FEDERACIÓN: MONTAÑISMO

| CONCELLO | DENOMINACIÓN | CIF | SUBV2003 |
|------------------------------------|-------------------------------|-------------|-------------------|
| A CORUÑA | SOCIEDADE DE MONTAÑA ÁRTABROS | G-.15068349 | 1.210,00 € |
| SANTIAGO DE COMPOSTELA | CLUB DEPORTIVO FONTIÑAS | G-.15480080 | 480,00 € |
| Total subvencions ano 2003: | | | 1.690,00 € |

FEDERACIÓN: MOTONÁUTICA

| <i>CONCELLO</i> | <i>DENOMINACIÓN</i> | <i>CIF</i> | <i>SUBV2003</i> |
|------------------------------------|---------------------------------|------------|-----------------|
| BERGONDO | CLUB NÁUTICO MINA | G-15655848 | 230,00 € |
| CAMARIÑAS | CLUB NÁUTICO DE CAMARIÑAS | G-15364623 | 380,00 € |
| CEE | CLUB MOTONÁUTICA CEEMAR | G-15635360 | 350,00 € |
| FERROL | CLUB DO MAR FERROL | G-15374937 | 440,00 € |
| SADA | CLUB NÁUTICO RECREATIVO DE SADA | G-15716160 | 200,00 € |
| <i>Total subvencions ano 2003:</i> | | | 1.600,00 € |

FEDERACIÓN: TENIS DE MESA

| CONCELLO | DENOMINACIÓN | CIF | SUBV2003 |
|------------------------------------|------------------------------------|--------------|--------------------|
| A CORUÑA | CLUB DE TENIS DE MESA CORUÑA | G-15749096 | 1.862,00 € |
| A CORUÑA | CLUB DO MAR DE SAN AMARO | G.-.15057870 | 630,00 € |
| A CORUÑA | SOCIEDADE DEPORTIVA HÍPICA | G.15047095 | 1.111,00 € |
| CAMBRE | CAMBRE TENIS DE MESA | G-15618697 | 450,00 € |
| FERROL | CLUB FERROL DE TENIS DE MESA | G-15154990 | 1.320,00 € |
| NARÓN | CLUB NARÓN DE TENIS DE MESA | G-15208861 | 2.552,00 € |
| NARÓN | CLUB TENIS DE MESA CIDADE DE NARÓN | G-15892946 | 1.080,00 € |
| NEDA | AGRUPACIÓN DEPORTIVA SAN ISIDRO | G-15140916 | 390,00 € |
| NOIA | SOCIEDADE LICEO DE NOIA | G-15027691 | 480,00 € |
| OLEIROS | CLUB BREOGÁN OLEIROS | G-15771942 | 240,00 € |
| ORDES | CLUB TENIS DE MESA ORDES | G-15714702 | 630,00 € |
| ORTIGUEIRA | CLUB TENIS MESA ORTIGUEIRA | G-15372014 | 240,00 € |
| PADRON | S.C. PADRONESA | G-15097660 | 390,00 € |
| SANTIAGO DE COMPOSTELA | ARTEAL TENIS DE MESA | G-15711369 | 10.200,00 € |
| SANTIAGO DE COMPOSTELA | CLUB CONXO TENIS DE MESA | G-15458763 | 240,00 € |
| VAL DO DUBRA | AGRUPACIÓN DEPORTIVA DUBRATAMBRE | G-15134034 | 601,00 € |
| Total subvencions ano 2003: | | | 22.416,00 € |

FEDERACIÓN: TRIATLÓN E PENTATLÓN MODERNO

| CONCELLO | DENOMINACIÓN | CIF | SUBV2003 |
|------------------------------------|--------------------------------|------------|-----------------|
| FERROL | CLUB NATACIÓN FERROL | G-15245038 | 112,00 € |
| SANTIAGO DE COMPOSTELA | CLUB TRIATLÓN BRICOSA SANTIAGO | G-15630288 | 300,00 € |
| Total subvencions ano 2003: | | | 412,00 € |

FEDERACIÓN: XADREZ

| CONCELLO | DENOMINACIÓN | CIF | SUBV2003 |
|------------------------------------|---------------------|------------|-----------------|
| NARÓN | CLUB XADREZ "ALFIL" | G-15564040 | 150,00 € |
| Total subvencions ano 2003: | | | 150,00 € |

26.- TOMA DE COÑECEMENTO DA XUSTIFICACIÓN DO ANTICIPO PREPAGÁBEL Á AXENCIA ESPAÑOLA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA AXUDA AO SALVADOR.

A Corporación toma coñecemento da xustificación do anticipo prepagábel á Axencia Española de Cooperación Internacional para Axuda ao Salvador.

27.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR A CONSTRUCCIÓN DUN VIVEIRO EMPRESARIAL E A POSTA EN MARCHA DE PROGRAMAS DE FORMACIÓN.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a modificación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela para o financiamento da construción dun viveiro empresarial e posta en marcha de programas de formación, aprobado polo Pleno da corporación en sesión extraordinaria celebrada o día oito de maio de 2003 e formalizado en documento administrativo o día once de novembro de 2003 (nº 185/2003), cuxo texto modificado e refundido se acompaña como anexo.

O financiamento queda establecido do seguinte modo:

| ANUALIDADE/ CONCEPTO | 2.003 | 2.004 | 2.005 | 2.006 | TOTAL |
|--|---------------|-------------------|------------------|------------------|-------------------|
| Construción do viveiro 0305/721A/789.99 | 68.283 | 53.143,19 | | | 121.426,19 |
| Programas de formación 0305/721A/489.99 | | | 36.060,72 | 36.060,72 | 72.121,44 |
| Mobiliario 0305/721A/789.99 | | 46.856,81 | | | 46.856,81 |
| Accións de sensibilización | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| TOTAIS | 68.283 | 100.000,00 | 36.060,72 | 36.060,72 | 240.404,44 |

“Convenio administrativo entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela para financiar a construción dun viveiro empresarial e posta en marcha de programas de formación.

A Coruña de de dous mil catro

REUNIDOS:

Dunha parte, **D. SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA**, na súa condición de presidente da Excm. Deputación da Coruña, en representación desta e en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dunha parte **D. JESÚS ASOREY CARRIL**, na súa condición de presidente da CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, cargo para o que foi elixido mediante Pleno do 4 de xuño de 2002, actuando en nome e representación de tal corporación, en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 3/93 básica das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación.

As partes en calidade que cada un interviñese, recoñecéndose reciprocamente capacidade legal para subscribir o presente convenio e asumindo as obrigas e dereitos derivados del.

EXPOÑEN:

I.- Que é interese das institucións comparecentes establecerse un programa de creación para participar no importante reto ao que se enfrenta a sociedade española de modernización do país. Todo isto require a adecuación dos/as empresarios/as á realidade do contorno socioeconómico da Unión Europea, sendo un punto clave de éxito a formación, aprendizaxe e adaptación dos recursos humanos desta zona.

II.- Que a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, como corporación de dereito público configúrase como órgano consultivo e de colaboración coas Administracións públicas. Igualmente, a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, ten como finalidade a representación, promoción e defensa dos intereses xerais do Comercio, a Industria e a Navegación no ámbito da súa demarcación cameral, así como a prestación a todas as empresas da súa demarcación que exerzan as indicadas actividades.

III.- Que a Deputación Provincial da Coruña, está especialmente interesada en colaborar na execución dun programa de creación e consolidación de empresas que se pretende desenvolver en Santiago de Compostela, para o que achega o financiamento disposto na estipulación novena.

IV.- Que neste senso a Deputación Provincial da Coruña e a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela asinaron un convenio, o

pasado 11.11.2003, co obxecto de financiar a construción dun viveiro empresarial e a posta en marcha de programas de formación.

V.- Que a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela solicita axustar o contido do citado convenio, no senso de reapplicar a achega prevista para financiar a formación nos anos 2003 e 2004, aplicándoo a financiar o equipamento de mobiliario do viveiro.

En virtude do exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración que quedaría redactado definitivamente e, conforme ás seguintes:

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer unha colaboración entre as partes asinantes para favorecer a creación de empresas e a mellora da xestión empresarial a través da formación e o asesoramento, desenvolver iniciativas dirixidas ao autoemprego e a creación de empresas, así como descubrir e fomentar iniciativas empresariais que permitan mellorar e consolidar o tecido empresarial máis acorde coas novas estruturas tecnolóxicas e organizativas poñendo en marcha para isto as actividades previstas nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA.- ÁMBITO ESPACIAL.

O ámbito de aplicación deste convenio será a demarcación da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela.

TERCEIRA.- ÁMBITO TEMPORAL.

O presente convenio e as actuacións que contempla terán unha duración que comprenderá o período 2003-2006.

CUARTA.- ACCIÓNS QUE SE HAN DESENVOLVER.

Construción dun viveiro de empresas, mediante a realización dun proxecto do que o presuposto base de licitación é:

| | |
|----------------------------------|-------------------------|
| Presuposto de execución material | 520.500,00 euros |
| 13% gastos xerais | 67.665,00 euros |
| 6% beneficio industrial | 31.230,00 euros |
| 16% IVE | 99.103,20 euros |
| TOTAL | 718.498,20 euros |

O financiamento dos gastos de construción do viveiro, son cuantificados tendo en conta o importe da súa licitación que ascende a 768.531,26 €, segundo consta do acordado nas actas da mesa de contratación da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela con datas do 24.03, 02.04 e 8.06, quedando como segue:

Achega Cámara de Comercio 647.105,07
 Achega Deputación Provincial 121.426,19
TOTAL 768.531,26

Realización de 4 programas de creación de empresas de 400 horas cada un, dirixidos a un máximo de 200 emprendedores/as, que desexen crear a súa propia empresa así como a pequenas e medianas empresas que persigan mellorar a rendibilidade ou avaliar alternativas de expansión. O importe total da achega provincial para este concepto cuantifícase nun total de 72.121,44 euros, distribuídos nas seguintes anualidades:

36.060,72 euros no ano 2005

36.060,72 euros no ano 2006

Financiamento do equipamento de mobiliario do viveiro até un orzamento de 46.856,81 €, o que supón unha porcentaxe do 68,85% respecto do importe total referido a este gasto.

O cadro do financiamento das actuacións previstas queda establecido como

segue:

| ANUALIDADE/ CONCEPTO | 2.003 | 2.004 | 2.005 | 2.006 | TOTAL |
|---|--------|------------|-----------|-----------|-------------------|
| Construción do viveiro 0305/721A/789. 99 | 68.283 | 53.143,19 | | | 121.426,19 |
| Programas de formación 0305/721A/489. 99 | | | 36.060,72 | 36.060,72 | 72.121,44 |
| Mobiliario 0305/721A/789. 99 | | 46.856,81 | | | 46.856,81 |
| Accións de sensibilización | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| TOTAIS | 68.283 | 100.000,00 | 36.060,72 | 36.060,72 | 240.404,44 |

QUINTA.- CONTIDO DO PROGRAMA DO VIVEIRO DE EMPRESAS

Co programa referido preténdese a instalación das novas empresas no viveiro, por un período de polo menos 2 anos. O proceso metodolóxico do programa leva consigo, tras a selección das persoas, que teñen intención de crear unha empresa, o desenvolvemento da idea ao proxecto e posterior seguimento para garantir a súa posta en marcha.

SEXTA.- OBRIGAS DAS PARTES.

Para dar cumprimento ao preceptuado na estipulación primeira, a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela comprométese a asumir as seguintes obrigas:

- Executar a obra, encargándose da convocatoria e adxudicación conforme á normativa de obrigado cumprimento do programa aprobado polo Comité de Seguimento do FEDER.
- Planificar e dirixir as obras de construción do viveiro.
- Achegar os servizos ofrecidos aos emprendedores en materia de formación, emprego e creación de empresas.
- Achegar as instalacións necesarias, para impartir as accións formativas enumeradas no convenio.
- Desenvolver 4 accións de sensibilización.

De conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Cámara de Comercio comprométese a solicitar, polo menos, 3 orzamentos de diferentes provedores con carácter previo á adxudicación da subministración de mobiliario, realizándose a adxudicación con criterios de eficiencia e economía e debendo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa

A Cámara de Comercio deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante, polo menos, 10 anos contados dende a sinatura do presente convenio.

Pola súa parte a Deputación Provincial da Coruña:

- Financiar a execución do proxecto nos termos establecidos na estipulación décima.

SÉTIMA.- DURACIÓN DE PROGRAMAS DE FORMACIÓN.

Os programas de formación levaráanse a efecto nas anualidades 2005 a 2006, ambos inclusive e distribuídos nas seguintes anualidades: 2 en 2005 e 2 en 2006.

OITAVA.- OBXECTIVOS DOS PROGRAMAS.

Os programas de formación a desenvolver perseguen os seguintes obxectivos:

- a)Facilitar a adaptación dos profesionais que se enfrontan a novas esixencias laborais derivadas en especial das innovacións surxidas polas novas estratexias.
- b)Que os emprendedores/as, cunha idea de negocios poidan levalo a cabo, a través do estudo, formación e asesoramento.
- c)Que os empresarios/as de PEMES poidan formarse nos novos centros empresariais, ao tempo que realizan o plan de negocio da súa propia empresa.

NOVENA.- CONTIDO DOS PROGRAMAS DE FORMACIÓN.

As materias que se imparten dentro deste programa pretenden proporcionar unha visión global das distintas áreas funcionais das empresas para poder determinar oportunidades de mercado, a través do coñecemento das ferramentas de xestión.

No termo práctico perséguese o desenvolvemento dos proxectos de empresas presentados polos/as participantes e a definición dos problemas da súa posta en marcha.

Os contidos didácticos das áreas funcionais das empresas e os proxectos prácticos, procurárase que estean orientados a sectores da actividade empresarial do noso contorno.

O curso conxuga a impartición de coñecementos sobre o mundo da empresa e o emprego de sistemas de ensino de carácter práctico: difusión de proxectos, xogos de empresas, métodos do caso, etc. A unión de ambos sistemas e a análise e discusións durante o curso dos respectivos proxectos de empresa, facilitarán a formación interdisciplinar dos participantes nos ámbitos próximos á xestión das PEMES, destacando a intervención dun consultor, director de cada proxecto, así como a realización no seu caso dun Plan estratéxico, cando se trate de empresas cun negocio en marcha.

DÉCIMA.- FINANCIAMENTO.

1º Construción do viveiro.

A Deputación Provincial da Coruña, comprométese a achegar unha axuda de 121.426,19 € para a construción do viveiro. A citada cantidade supón o 15,8% do presuposto de adjudicación do proxecto de execución do viveiro que ascende a 768.531,26 euros e será financiado co remanente da partida 0305/721.A/78999 do presuposto provincial de 2003 incorporado ao presuposto de 2004: 68.283 € e coa cantidade de 53.143,19 € que se lle ha imputar á consignación da partida 0305/721.A/78999 consignada no presuposto inicial da corporación para o 2004

A Deputación compromete así mesmo a cantidade de 46.856,81 € como achega ao financiamento do equipamento de mobiliario do viveiro

A Cámara pola súa parte, comprométese a buscar financiamento complementario ou a achegar a cantidade necesaria, para lograr a execución total deste viveiro.

2º Programas de formación

Do total dos programas que se han executar entre 2005 e 2006, a Deputación Provincial da Coruña, achegará unha axuda de 72.121,44 euros de acordo coa seguinte planificación:

36.060,72 euros no ano 2005

36.060,72 euros no ano 2006

O importe que se ha aboar, o total do cal ascende a 72.121,44 euros supón o 100% do coeficiente de financiamento por parte da Excma. Deputación, que é a achega económica que lle corresponde á cámara respecto das accións formativas citadas, con cargo á partida 0305/721A/489.99 do vixente presuposto.

Así mesmo a Cámara implementará catro accións de sensibilización dentro do proxecto.

En ningún dos dous casos, é dicir, na construción do viveiro e nos programas de formación, as achegas da Deputación Provincial da Coruña, poderán ser de procedencia de Fondos da Unión Europea.

DÉCIMO PRIMEIRA.- FORMA DE PAGAMENTO

A Cámara de Comercio deberá achegar a seguinte documentación xustificativa dos gastos e ingresos nos que se teña incorrido para a realización obxecto do convenio.

1)-Declaración da totalidade das subvencións públicas ou privadas obtidas para a mesma finalidade que acrediten.

2)-Memoria das actividades desenvolvidas que acrediten o cumprimento dos fins e desenvolvemento das accións obxecto do convenio.

3)-Construción dun viveiro.

-Certificacións de obra, facturas e acordo de aprobación

4)- Cursos de formación

- Certificación acreditativa dos gastos realizados

5)- Adquisición de mobiliario.

- Até o importe máximo de 46.856,81 euros mediante presentación de facturas e acta de recepción destes.

Os importes que se han aboar serán proporcionais ao coeficiente de financiamento previsto en cada un dos casos -construción do viveiro 16,9% e cursos de formación 20% no suposto de non xustificar a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da Deputación mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificados foran superiores ao presuposto establecido, a achega da Deputación non superará a cantidade máxima aprobada. En todo caso a achega provincial limitarase aos gastos efectivamente xustificadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constitúese unha Comisión de Seguimento, da cal formarán parte dous membros, polo menos da Deputación provincial

As atribucións da comisión son as seguintes:

-Garantir o cumprimento do convenio

-Interpretar o presente convenio durante a súa execución e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA.

O presente convenio terá vixencia até o ano 2006 contando dende a súa sinatura.

A idoneidade de establecer a citada duración do convenio, vén dada pola incardinación deste coa decisión da Unión Europea de aprobar, dentro do obxectivo 1, o programa operativo Iniciativa empresarial formación continua, co número 2000 ES051 PQ015 entre os anos 2000 a 2006.

DÉCIMO CUARTA.- CAUSA DE EXTINCIÓN.

O presente convenio extinguirase por resolución, por conclusión ou por o seu cumprimento.

DÉCIMO QUINTA.- RÉXIME XURÍDICO.

En virtude do disposto no artigo 3.1 a) e d) Real decreto lexislativo 2/2000 de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da lei de contratos das administracións públicas, o presente convenio de colaboración queda fóra do ámbito de aplicación de tal normativa, regulándose polas normas contidas nel e no non previsto nelas pola lexislación do réxime local vixente.

As cuestións litixiosas, que puideran derivarse deste dada a súa natureza xurídico-administrativa, serán sometidos á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

CLÁUSULA ADICIONAL.-

Ambas as partes fan constar que foi entregado na Deputación o proxecto básico que se refire á cláusula 4ª que foi informado favorabelmente polo Servizo de Arquitectura, o presuposto total de execución do cal ascende a 718.498,20 euros (gastos xerais e IVE incluído).

En todo caso a achega da Deputación será do 15,8% do prezo de adxudicación, 768.531,26 € de conformidade coas cláusulas 4, 10 e 11 do presente convenio.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL O
DA CORUÑA

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo.-
O SECRETARIO XERAL

Fdo.- José Luis Almu Supervia

28.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS A ASOCIACIONES DE VECIÑOS DE CONCELLOS DA PROVINCIA DE MÁIS DE 50.000 HABITANTES.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“Concederlles ás asociacións de veciños da provincia que figuran na [relación que se xunta](#), as subvencións nominativas polos importes que se indican nela, que fan un total de **647.550 €**, de acordo co seguinte resumo:

| PARTIDA | Nº AA.VV. | IMPORTE |
|-------------------------------|------------------|----------------|
| Actividades 0601/469B/48999 | 89 | 402.100,00 |
| Investimentos 0601/469B/78999 | 71 | 245.450,00 |

En cumprimento do establecido na base 48ª.- 3ª das de execución do presuposto desta Deputación para 2004, as subvencións concédense nas seguintes condicións:

1.- Titulares das subvencións: As 92 asociacións de veciños da provincia que figuran na relación adxunta.

2.- Importes das subvencións: os que figuran de xeito individualizado para cada unha das entidades relacionadas.

3.- Obxecto das subvencións:

Actividades:

* Conferencias, cursos e seminarios de temas de actualidade, etc.

* Actividades de difusión cultural, de creación e manualidades, de cultura popular, actividades artísticas, etc.

* Excursións, acampadas e campamentos, sendeirismo, e outras actividades ao aire libre.

* Actividades deportivas, deporte para todos, deporte de base, etc.

* Programas de formación de habilidades para o emprego, programas de promoción de mozos emprendedores, etc.

* Programas de prevención das drogodependencias, programas de educación para a sexualidade, programas de bos hábitos de alimentación, programas de coidado de persoas con minusvalías, atención á terceira idade, etc.

* Actividades socioeducativas que teñan por obxectivo o achegamento da sociedade da información, o coñecemento e a aprendizaxe, actividades nas aulas de informática, realización de programas formativos.

Investimentos:

* Obras e mellora das infraestruturas veciñais, mellora da calefacción, instalación eléctrica, liñas de teléfono, pequenas reparacións de albanelaría, ventás, pinturas, etc.

* Dotación de equipos, mobiliario e equipamento.

4.- Xustificación e pagamento:

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar o importe do “presuposto que se ha xustificar” que é o cociente entre a subvención e o coeficiente de financiamento; ou, se é o caso, a suma das subvencións para o mesmo obxecto, obtidas de administracións públicas ou entidades privadas, no caso de que esta suma sexa superior ao presuposto que se ha xustificar.

Para o cobramento da subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

4.1.- Declaración da totalidade das subvencións obtidas para o mesmo obxecto.

4.2.- Acreditación da realización de gastos, da forma seguinte:

A) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades que xeren **gastos correntes** xustificaranse mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

No caso de gastos de persoal contratado, poderán achegarse como xustificante, as nóminas acreditativas do pagamento e os documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais.

B) As subvencións que teñan por finalidade a realización de proxectos que xeren **gastos de investimento**, xustificaranse axuntando os seguintes documentos:

* Execución de obras: certificación de obra e relación valorada subscrita por técnico competente ou factura do contratista.

* Adquisición de bens de equipo: facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

En calquera caso, haberase de estar ao disposto no art. 31.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

4.3.- Certificación dos datos da conta bancaria na que se cobrará a subvención, conforme ao modelo de certificación aprobado pola Deputación.

Os xustificantes deberán referirse a gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2003 até o 31 de agosto de 2004.

5.- Prazo de xustificación:

O prazo de presentación da documentación xustificativa para o cobramento das subvencións contidas no presente acordo rematará o **15 de outubro de 2004.**

O incumprimento do prazo de xustificación suporá a perda do dereito a percibir a subvención.

6.- Consideracións xerais:

Para o non previsto neste acordo serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2004 e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.”

SUBVENCIONS CONCEDIDAS

| NOME DE ASOCIACION | NIF | ACTIVIDADES (Grupo 4) | | | | | INVESTIMENTOS (Grupo 7) | | | | |
|---|-----------|-----------------------|------------|-----------|-------|------------------|-------------------------|------------|-----------|-------|------------------|
| | | PRESUP. | SOLICITADO | CONCEDIDO | COEF. | Pres. para xust. | PRESUP. | SOLICITADO | CONCEDIDO | COEF. | Pres. para xust. |
| A.VV. OZA A GAITEIRA-OS CASTROS (APOIO A V.V.) | G15037708 | 24.296€ | 21.866 € | 5.000 € | 0,90 | 5.555,56 € | 4.519 € | 4.067 € | 4.000 € | 0,90 | 4.444,55 € |
| A.VV. CASTELAO DA PARROQUIA STA. M. DE BRION | G15037781 | 28.386€ | 25.547€ | 3.500€ | 0,90 | 3.888,95 € | 62.519 € | 56.268 € | 6.500 € | 0,90 | 7.222,11 € |
| A.VV. BARRIO ATOCHAS M. OUTO T. HERC. (APOIO A. V.V.) | G15038243 | 75.000 € | 67.500 € | 6.000 € | 0,90 | 6.666,67 € | 11.600 € | 10.440 € | 7.000 € | 0,90 | 7.777,78 € |
| A.VV. BARRIO DE CASTIÑEIRIÑO | G15041791 | | | | | | 3.012 € | 2.711 € | 2.000 € | 0,90 | 2.222,06 € |
| A.VV. DOMINGO CEPEDA | G15047145 | 6.000 € | 5.400 € | 1.500 € | 0,90 | 1.666,67 € | 48.000€ | 43.200 € | 3.000 € | 0,90 | 3.333,33 € |
| A.VV. RIO SARELA (APOIO A.VV.) | G15048283 | 12.100 € | 10.000 € | 4.000 € | 0,83 | 4.840,00 € | 54.465 € | 12.020€ | 6.000 € | 0,22 | 27.187,19 € |
| A.VV. PARROQUIA DE SAN LAZARO MONTE DE GOZO | G15048440 | 30.670 € | 27.603 € | 7.000 € | 0,90 | 7.777,78 € | 12.190 € | 10.971 € | 7.000 € | 0,90 | 7.777,78 € |
| A.VV. DOS MALLOS S. FAMIL. ESTACION (APOIO A.VV.) | G15066442 | 23.580 € | 20.546 € | 4.000 € | 0,87 | 4.590,67 € | 5.145 € | 4.631 € | 3.000 € | 0,90 | 3.332,97 € |
| A.VV. CASTRILLON-URB.SOTO IAR (APOIO A.VV.) | G15072242 | 24.464 € | 22.018 € | 14.500 € | 0,90 | 16.110,82 € | 1.725 € | 1.553 € | 1.500 € | 0,90 | 1.666,13 € |
| A.VV. MONELOS FONTE DAS PAXARIÑAS | G15073216 | 19.010 € | 17.109 € | 4.000 € | 0,90 | 4.444,44 € | 600 € | 540 € | 500 € | 0,90 | 555,56 € |
| A.VV. STA. MARIÑA DEL VILLAR (APOIO A.VV.) | G15099914 | 24.278 € | 21.850 € | 6.000 € | 0,90 | 6.666,73 € | 47.823 € | 43.041 € | 5.500 € | 0,90 | 6.111,07 € |
| A.VV. AGRA (APOIO A.VV.) | G15142052 | 40.880 € | 33.642 € | 8.000 € | 0,82 | 9.721,18 € | 12.840 € | 11.556 € | 9.000 € | 0,90 | 10.000,00 € |
| A.VV. BARIO DAS FLORES | G15142490 | 5.212 € | 4.691 € | 4.000 € | 0,90 | 4.444,25 € | 90 € | 81 € | 0 € | 0,90 | 0,00 € |
| A.VV. VILASANCHE E VILLADONIGA (APOIO A.VV.) | G15142649 | 35.372 € | 30.354 € | 7.000 € | 0,86 | 8.157,21 € | 21.271 € | 19.143 € | 8.000 € | 0,90 | 8.889,31 € |
| A.VV. FRANCISCO RDGUEZ. OTERO (APOIO A.VV.) | G15147127 | 53.141 € | 47.827 € | 9.000 € | 0,90 | 9.999,98 € | 6.421 € | 5.779 € | 5.000 € | 0,90 | 5.555,46 € |
| A.VV. COTO DA NAI S. MARTIÑO DE ARNIS | G15157092 | 10.340 € | 9.306 € | 2.000 € | 0,90 | 2.222,22 € | 32.425 € | 29.183 € | 3.000 € | 0,90 | 3.333,28 € |
| A.VV. SAR DE SANTIAGO | G15158058 | 32.293 € | 29.064 € | 9.000 € | 0,90 | 9.999,90 € | | | | | |
| A.VV. SAN PEDRO DE MARMANCÓN (APOIO A.VV.) | G15160062 | | | | | | 3.964 € | 3.568 € | 2.500 € | 0,90 | 2.777,47 € |
| A.VV. O LAGO FERROL | G15160328 | 6.015 € | 5.414 € | 2.000 € | 0,90 | 2.222,02 € | 10.435 € | 9.391 € | 2.500 € | 0,90 | 2.777,93 € |
| A.VV. O PILAR (APOIO A.V.V.) | G15160344 | 135.561 € | 114.465 € | 8.000 € | 0,84 | 9.474,41 € | 54.576 € | 49.119 € | 6.500 € | 0,90 | 7.222,13 € |
| A.VV. AS CANCELAS | G15160369 | 18.245 € | 16.421 € | 2.000 € | 0,90 | 2.222,15 € | 5.200 € | 4.680 € | 2.500 € | 0,90 | 2.777,78 € |
| A.VV. S. XOAN FILGUEIRA E BERTÓN (APOIO A.VV.) | G15160484 | 17.525 € | 11.078 € | 4.000 € | 0,63 | 6.327,86 € | 4.957 € | 4.358 € | 2.500 € | 0,88 | 2.843,62 € |
| A.VV. ROSALÍA DE CASTRO R. VILA A GRAÑA-FERR | G15161375 | 36.800 € | 31.120 € | 7.000 € | 0,85 | 8.277,63 € | 8.967€ | 8.070 € | 4.000 € | 0,90 | 4.444,61 € |
| A.VV. DE GRACIA (APOIO A.VV.) | G15164650 | 26.210 € | 22.987 € | 7.000 € | 0,88 | 7.981,47 € | 2.500 € | 2.213 € | 2.000 € | 0,89 | 2.259,38 € |
| XUNTA VV. DONIÑOS (APOIO A.VV.) | G15165418 | 15.852 € | 14.267 € | 5.500 € | 0,90 | 6.111,03 € | 2.307 € | 2.076 € | 2.000 € | 0,90 | 2.222,54 € |
| A.VV. CUCO RUIZ DE CORTÁZAR | G15165590 | 63.797 € | 57.418 € | 4.000 € | 0,90 | 4.444,39 € | 12.213 € | 10.991 € | 3.000 € | 0,90 | 3.333,55 € |
| A.VV. BARRIO CANIDO O CRUCEIRO-F. (APOIO A.VV.) | G15167109 | 20.600 € | 18.540 € | 7.000 € | 0,90 | 7.777,78 € | 8.200 € | 7.380 € | 5.000 € | 0,90 | 5.555,56 € |
| FEDERACION DE A.VV. DE SANTIAGO | G15200173 | 9.500 € | 4.750 € | 2.000 € | 0,50 | 4.000,00 € | | | | | |

| NOME DE ASOCIACIÓN | NIF | ACTIVIDADES (Grupo 4) | | | | | INVESTIMENTOS (Grupo 7) | | | | |
|--|-----------|-----------------------|------------|-----------|-------|------------------|-------------------------|-------------|-----------|-------|------------------|
| | | PRESUP. | SOLICITADO | CONCEDIDO | COEF. | Pres. para xust. | PRESUP. | SOLICITAD O | CONCEDIDO | COEF. | Pres. para xust. |
| A.VV. SANTA COMBA (APOIO A V.V.) | G15204944 | 11.240 € | 10.117 € | 4.500 € | 0,90 | 4.999,51 € | 864 € | 778 € | 750 € | 0,90 | 832,90 € |
| A.VV. VISTA ALEGRE | G15205099 | 3.300 € | 1.650 € | 1.000 € | 0,50 | 2.000,00 € | 6.496 € | 5.846 € | 1.500 € | 0,90 | 1.666,78 € |
| A.VV. DE PAZOS (APOIO A.VV.) | G15205768 | 11.396 € | 10.256 € | 3.000 € | 0,90 | 3.333,46 € | 65.510 € | 58.959 € | 6.000 € | 0,90 | 6.666,67 € |
| A.VV. BARIO DE VIDÁN MESTRA VICTORIA MÍGUEZ | G15210834 | 24.408 € | 21.967 € | 7.500 € | 0,90 | 8.333,41 € | 52.609 € | 47.349 € | 6.500 € | 0,90 | 7.222,08 € |
| A.VV. ÁLVARO CUNQUEIRO-SANTIAGO | G15211659 | 10.550 € | 9.496 € | 2.000 € | 0,90 | 2.221,99 € | 3.391 € | 3.052 € | 3.000 € | 0,90 | 3.333,22 € |
| A.VV. BARRIADAS DE PERULEIRO E OS MARIÑEIRO | G15212418 | 4.664 € | 3.731 € | 3.500 € | 0,80 | 4.375,23 € | | | | | |
| A.VV. CAMIÑO SANTIAGO (APOIO A.VV.) | G15212574 | 17.690 € | 15.920 € | 2.000 € | 0,90 | 2.222,36 € | 3.881 € | 3.493 € | 1.000 € | 0,90 | 1.111,08 E |
| A.VV. ZEZAR | G15215395 | 4.951 € | 4.456 € | 4.000 € | 0,90 | 4.444,34 € | | | | | |
| ASOCIACIÓN PARROQUIAL SAN ROMÁN DE DONIÑOS | G15216229 | 5.005 € | 4.505 € | 1.000 € | 0,90 | 1.110,99 € | 34.420 € | 30.978 € | 3.000 € | 0,90 | 3.333,33 € |
| FEDERACIÓN A.VV. DA CORUÑA | G15219165 | 14.924 € | 13.431 € | 11.500 € | 0,90 | 12.778,35 € | 2.240 € | 2.016 € | 2.000 € | 0,90 | 2.222,22 € |
| A.VV. DE ESTEIRO CONCEPCIÓN ARENAL | G15227408 | 31.006 € | 26.178 € | 2.500 € | 0,84 | 2.961,07 € | 4.270 € | 3.656 € | 1.500 € | 0,86 | 1.751,91 € |
| A.VV. O CRUCEIRO STA. CECILIA | G15231160 | 55.620 € | 50.058 € | 5.000 € | 0,90 | 5.555,56 € | 36.642 € | 32.977 € | 8.000 € | 0,90 | 8.889,10 € |
| A.VV. REGO DAS PEDRAS (APOIO A.VV.) | G15232655 | 40.975 € | 36.878 € | 4.000 € | 0,90 | 4.444,38 € | 8.500 € | 7.650 € | 4.000 € | 0,90 | 4.444,44 € |
| A.VV. EIRIS UXIO CARRÉ A CORUÑA | G15246994 | 19.140 € | 17.226 € | 7.000 € | 0,90 | 7.777,78 € | 8.555 € | 7.700 € | 4.000 € | 0,90 | 4.444,16 € |
| A.VV. SANTO ANTONIO DO BARRIO DA CABANA | G15262140 | 1.100 € | 990 € | 1.000 € | 0,90 | 1.111,11 € | | | | | |
| A.VV. ULTRAMAR (APOIO A.VV.) | G15265978 | 33.936 € | 30.543 € | 8.000 € | 0,90 | 8.888,71 € | 6.677 € | 6.009 € | 4.000 € | 0,90 | 4.444,67 € |
| A.VV. PARR. MARROZOS F.G. VEIRO-STGO (APOIO A.VV.) | G15268691 | 39.817 € | 35.836 € | 1.000 € | 0,90 | 1.111,09 € | 2.400 € | 2.160 € | 1.000 € | 0,90 | 1.111,11 e |
| A.VV. SANTA MARÍA DE FIGUEIRAS NOVA XEIRA | G15269525 | 29.320 € | 25.663 € | 7.000 € | 0,88 | 7.997,51 € | 6.400 € | 5.760 € | 4.000 € | 0,90 | 4.444,44 € |
| COMISIÓN VV. STA. UXÍA MANDIA (APOIO A.VV.) | G15294697 | 9.646 € | 8.682 € | 4.000 € | 0,90 | 4.444,14 € | | | | | |
| A.VV. CAMPO DO MONTE | G15299530 | 5.400 € | 4.860 € | 2.500 € | 0,90 | 2.777,78 € | 28.000 € | 25.200 € | 5.500 € | 0,90 | 6.111,11 € |
| A.VV. NOSA SEÑORA DE BELÉN | G15308125 | 11.480 € | 10.332 € | 3.500 € | 0,90 | 3.888,89 € | 4.368 € | 3.931 € | 2.000 € | 0,90 | 2.222,34 € |
| A.VV. CIDADE VELLA MARÍA PITA | G15311582 | 4.044 € | 3.640 € | 2.000 € | 0,90 | 2.221,98 € | 5.859 € | 5.274 € | 3.000 € | 0,90 | 3.332,76 € |
| A.VV. ENSANCHE (APOIO A.VV.) | G15312606 | 41.925 € | 37.733 € | 7.000 € | 0,90 | 7.777,67 € | 8.869 € | 7.982 € | 5.000 € | 0,90 | 5.555,63 € |
| A.VV. VAL DE SAN XOÁN DE ESMELLE FERROL | G15316730 | 29.800 € | 21.860 € | 7.000 € | 0,73 | 9.542,54 € | 11.370 € | 10.233 € | 6.000 € | 0,90 | 6.666,67 € |
| A.VV. RÍO SARELA S.L. -C. AB STAGO. (APOIO A.VV.) | G15322118 | 9.861 € | 8.875 € | 4.000 € | 0,90 | 4.444,39 € | 1.435 € | 1.292 € | 1.200 € | 0,90 | 1.332,82 € |
| A.V.V. A XUNLLA S. MARTÍN LARAÑO (APOIO A.VV.) | G15328487 | 28.860 € | 25.974 € | 2.000 € | 0,90 | 2.222,22 € | 27.424 € | 24.682 € | 3.000 € | 0,90 | 3.333,28 € |
| A.VV. ENSEADA DO ORZÁN | G15329618 | 1.530 € | 1.377 € | 1.300 € | 0,90 | 1.444,44 € | 781 € | 703 € | 0 € | 0,90 | 0,00 € |
| A.VV. RAIGAME | G15329907 | 12.560 € | 11.304 € | 5.000 € | 0,90 | 5.555,56 € | | | | | |
| SOCIEDADE CULTURAL RECREATIVA E VECIÑAL VISO | G15332554 | 7.837 € | 6.701 € | 2.000 € | 0,86 | 2.339,05 € | | | | | |

| NOME DE ASOCIACIÓN | NIF | ACTIVIDADES (Grupo 4) | | | | | INVESTIMENTOS (Grupo 7) | | | | |
|---|-----------|-----------------------|------------|-----------|-------|------------------|-------------------------|-------------|-----------|-------|------------------|
| | | PRESUP. | SOLICITADO | CONCEDIDO | COEF. | Pres. para xust. | PRESUP. | SOLICITAD O | CONCEDIDO | COEF. | Pres. para xust. |
| A.VV. FRANCISCO ASOREY BARR. A ALMACIGA-STGO. | G15347990 | 12.360 € | 11.124 € | 4.000 € | 0,90 | 4.444,44 € | 2.400 € | 2.160 € | 2.000 € | 0,90 | 2.222,22 € |
| A.VV. O CRUCEIRO OZA URB. SOTO COR. (APOIO A.VV.) | G15358666 | 19.696 € | 17.726 € | 3.000 € | 0,90 | 3.333,41 € | 2.548 € | 2.293 € | 1.000 € | 0,90 | 1.111,21 € |
| A.VV. BARCAROLA 4 CAMÑOS-CORUÑA (APOIO A.VV.) | G15367253 | 1.972 € | 1.775 € | 1.500 € | 0,90 | 1.666,48 € | 7.684 € | 6.916 € | 6.000 € | 0,90 | 6.666,28 € |
| A.VV. LOUREIRO S. PEDRO DE VISMA A CORUÑA | G15374804 | 8.400 € | 7.560 € | 7.000 € | 0,90 | 7.777,78 € | 6.000 € | 5.400 € | 5.400 € | 0,90 | 6.000,00 € |
| A.VV. S. PEDRO DE BUSTO CPO. DE L. ESCOLAS-STAGO | G15399405 | 8.750 € | 7.875 € | 4.500 € | 0,90 | 5.000,00 € | 1.200 € | 1.080 € | 1.000 € | 0,90 | 1.111,11 € |
| ASOCIACIÓN COM. DISTR 5º A CORUÑA (APOIO A.VV.) | G15413727 | 45.752 € | 40.262 € | 15.000 € | 0,88 | 17.045,35 € | 3.576 € | 3.218 € | 3.000 € | 0,90 | 3.333,75 € |
| A.VV. SAN XOÁN DE FECHA | G15415342 | 49.057 € | 44.152 € | 2.000 € | 0,90 | 2.222,19 € | 29.183 € | 26.265 € | 1.000 € | 0,90 | 1.111,10 € |
| A.VV. AS FONTES DA URBANIZACIÓN DE FONTIÑAS | G15420813 | 66.750 € | 42.755 € | 6.500 € | 0,64 | 10.147,94 € | 2.575 € | 2.318 € | 2.500 € | 0,90 | 2.777,18 € |
| A.VV. MONTE LONGO | G15432248 | 25.990 € | 23.391 € | 6.000 € | 0,90 | 6.666,67 € | 7.930 € | 7.137 € | 5.000 € | 0,90 | 5.555,56 € |
| ASOC. DE VECIÑOS PASADOIRO DE CARBALLAL | G15441041 | 1.900 € | 1.655 € | 1.000 € | 0,87 | 1.148,04 € | 1.500 € | 1.350 € | 1.300 € | 0,90 | 1.444,44 € |
| A.VV. A XUNTA DE VILLESTRO | G15442817 | | | | | | 36.866 € | 33.179 € | 2.000 € | 0,90 | 2.222,25 € |
| A.VV. A UNIÓN STA. MARÍA VILLESTRO (APOIO A.VV.) | G15469570 | 10.420 € | 9.378 € | 6.000 € | 0,90 | 6.666,67 € | 480 € | 432 € | 400 € | 0,90 | 444,44 € |
| A.VV. AS REVOLTAS | G15471469 | 3.680 € | 3.312 € | 1.500 € | 0,90 | 1.666,67 € | | | | | |
| A.VV. DE BERDIA-SANTIAGO | G15485873 | 14.200 € | 12.780 € | 5.000 € | 0,90 | 5.555,56 € | 2.430 € | 2.187 € | 2.000 € | 0,90 | 2.222,22 € |
| A.VV. SAN DIEGO DA CORUÑA | G15487655 | 3.600 € | 3.240 € | 3.000 € | 0,90 | 3.333,33 € | | | | | |
| A.VV. RUTA XACOBEA | G15489636 | 18.400 € | 16.560 € | 2.000 € | 0,90 | 2.222,22 € | | | | | |
| ASOC. DE VECIÑOS AQUALUME RÚA GALERAS | G15529068 | 2.750 € | 2.475 € | 2.300 € | 0,90 | 2.555,56 € | | | | | |
| A.VV. E CULT. AS BRAÑAS DE ANDRÉS-COMPOSTELA | G15574460 | 15.665 € | 14.099 € | 6.000 € | 0,90 | 6.666,43 € | 8.102 € | 7.292 € | 4.000 € | 0,90 | 4.444,32 € |
| A.VV. E COMERC. PATERNIDADE ÁREA SAGRADA FAMIL. | G15638034 | 5.000 € | 4.500 € | 4.000 € | 0,90 | 4.444,44 € | | | | | |
| A.VV. A MARIÑA-ZONA CENTRO DA CORUÑA | G15642838 | 69.528 € | 62.576 € | 2.000 € | 0,90 | 2.222,19 € | 12.287 € | 11.058 € | 2.000 € | 0,90 | 2.222,28 € |
| A.VV. C. DE R. O CRUCEIRO-BALÓN (APOIO A.VV.) | G15646839 | 15.139 € | 13.625 € | 3.500 € | 0,90 | 3.888,92 € | 6.578 € | 5.921 € | 5.500 € | 0,90 | 6.110,29 € |
| A.VV. ZONA CENTRO DE FERROL | G15647779 | 13.555 € | 12.201 € | 2.000 € | 0,90 | 2.221,95 € | 10.270 € | 9.242 € | 1.500 € | 0,90 | 1.666,85 € |
| A.VV. O ENSANCHE DE COMPOSTELA | G15655665 | 5.800 € | 2.900 € | 2.000 € | 0,50 | 4.000,00 € | | | | | |
| A.VV. COMPOSTELA VELLA | G15716749 | 27.160 € | 24.444 € | 10.000 € | 0,90 | 11.111,11 € | 4.050 € | 3.645 € | 3.000 € | 0,90 | 3.333,33 € |
| A.VV. FONTELONGA | G15757685 | 19.190 € | 17.271 € | 7.000 € | 0,90 | 7.777,78 € | 13.137 € | 11.823 € | 4.000 € | 0,90 | 4.444,56 € |
| A.VV. CASA AGRARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA | G15758485 | 9.920 € | 8.929 € | 4.500 € | 0,90 | 4.999,44 € | 16.313 € | 14.683 € | 5.500 € | 0,90 | 6.110,57 € |
| A.VV. XUNQUEIRAS MESOIRO VÍO | G15769292 | 2.800 € | 2.520 € | 2.500 € | 0,90 | 2.777,78 € | | | | | |
| A.VV. PONTE ROMANO DE SAN XOÁN DE F'ORA-STAGO. | G15782329 | 15.367 € | 13.830 € | 2.500 € | 0,90 | 2.777,84 € | 560 € | 504 € | 500 € | 0,90 | 555,56 € |
| A.VV. O ENSANCHE E ARREDORES | G15790488 | 112.098 € | 100.889 € | 5.000 € | 0,90 | 5.555,51 € | 23.197 € | 20.878 € | 4.500 € | 0,90 | 4.999,83 € |

29.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN NA XUNTA DISTRIBUIDORA DE HERDANZAS DO ESTADO.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“1) Delegar en Dna. Margarida Vázquez Veras, Presidenta da Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística a representación da Deputación Provincial da Coruña na Xunta Distribuidora de Herdanzas do Estado.”

30.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN NA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO ENTRE O IMSERSO, A FEMP E ESTA DEPUTACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DO SERVIZO PROVINCIAL DE TELEASISTENCIA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“1) Designar como representantes da Deputación na Comisión de Seguimento do convenio entre o IMSERSO, a FEMP e esta Deputación para a implantación do Servizo Provincial de Teleasistencia nos Concellos da Provincia aos sres. deputados seguintes:

D^a Margarida Vázquez Veras.
D. José Federico Nogueira Fernández.”

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

Sr. presidente

Hai tres mocións presentadas polo grupo provincial popular, que lle dou a palabra ao proponente, o Sr. Dositeo Rodríguez Rodríguez, para que xustifique a súa urxencia para as incluír na orde do día deste Pleno.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Estas tres mocións refírense a un tema que xa formulamos no pleno, non é unha simple reprodución, senón unha actualización e unha concreción sobre este tema. Destas tres, hai unha relativa ás axudas do ano 2003, o Plan de apoio veciñal, que rematan de ser aprobadas por nós por unanimidade. Nós cando anunciamos esta moción aínda estaba sen convocar a Comisión de Cultura, que foi na que se debateu

este tema, e como é natural, unha vez que se convocaron as axudas e está aprobada por unanimidade, pois a damos por cumprida e xa que logo non consideramos que sexa obxecto de consideración por parte nosa . Si alégranos que esta moción, polo menos coadxuve, non sei se foi valorada ou non, a nós agrádanos que publicásemos o anuncio da moción e aos tres días se convocase a Comisión de Cultura. Puido ser unha casualidade, e puido ser que lle lembramos que as cousas hai que facerllas, se é o caso.

Agora ben, sobre esta moción queremos dicir algo. Vostedes, como nosoutros, saben o que pasou aquí, lembran que tiña un crédito inicial no orzamento do ano 2003, o noso grupo formulou unha transferencia de crédito sobre esta partida, no mes de abril, pensando, e iso pensabamos, restituíla despois e cambiala, producíronse as eleccións, produciuse a situación que se produciu, falta de maioría absoluta, e a Intervención e a Secretaría da deputación mantiveron -e nós respectámolo, porque é a súa obriga- un criterio moi restritivo sobre a nosa capacidade de realizar modificacións orzamentarias. Mesmo, eu persoalmente falei con vostede, Sr. presidente, para ver se nos púñamos de acordo e deixásemos facer, entre todos os grupos, saltando por esa obxección legal, que iso podía axudar, e existindo unanimidade poder facer unha modificación orzamentaria. Vostede estimou que non, estaba no seu dereito, había unha situación de conflitividade na deputación, cun preito formulado, e non se considerou. Porén, seguimos insistindo e conseguimos, para o final, practicamente, no mes de novembro, convencer a Intervención e a Secretaría sobre un expediente singular en razón da urxencia que tiña. E ese expediente de modificación de créditos que restabelecía o crédito a esta partida foi informado favorablemente pola Intervención, e non foi traído a este Pleno porque desgraciadamente xa ía ser o Pleno de constitución o Pleno seguinte, está aquí o Sr. interventor e o Sr. secretario que me poderán ratificar se hai algunha dúbida sobre isto. Estaba xa o expediente de restitución de crédito, ía ser sometido, e dixeron "non pode ser, xa se vai constituír a nova Corporación, non parece oportuno que se convoque un Pleno uns días antes para aprobar unha modificación deste tipo, que a faga a nova Corporación". Estamos a falar do mes de novembro do ano pasado. E isto foi así. Por que o digo agora? Porque vostedes insisten en que o Partido Popular lle quitara crédito e máis nada, e ninguén menciona que había un expediente que se puido aprobar no mes de decembro no primeiro pleno da nova Corporación, está o Sr. interventor e o Sr. secretario que o poden certificar, que se puido someter a aprobación e houberamos resolto este problema o ano pasado no mes de novembro, no primeiro Pleno que se celebrou desta Corporación. Non se fixo así, porque vostedes ao mellor non o coñecían, porque consideraron que non podían tomar posición sobre un tema..., o que sexa, pero a verdade é esta. E sempre que se menciona isto, sempre se lles esquece ese pequeno detalle, non digo a vostede, digo a outros membros do seu partido, que cando mencionan este tema -e teño aquí referencias nun medio de comunicación-, din o mesmo. Por favor, cando vostedes se refiran a isto, digan tamén que no mes de novembro había un expediente de modificación de créditos pendente exclusivamente de Pleno para restituír o crédito ás asociacións veciñais do ano 2003. Esa é a verdade. Están o secretario e o interventor da deputación, e os documentos aquí que o acreditan.

Polo tanto, por favor, por favor, non volvan a dicir a metade das cousas. En xeral. E se alguén se sente aludido non teño inconveniente en debater con el.

Ben, resolto este tema, pero eu quería que quedase constancia no Pleno de como foi a situación. Estamos a manter a urxencia das outras dúas mocións, unha delas sobre as aulas informáticas municipais, nosoutros pedimos que, tendo en conta que todos os concellos da provincia teñen unha aula de informática, que se apoie financeiramente aos programas dos concellos, que se reimplanten alfabetizadores dixitais, e que se programen servizos ás aulas, observamento educativo, e en xeral apoio. No Pleno anterior vostedes dixeron: "nós sabémolo facer mellor ca vostedes; imos facer moitas cousas aquí"; non pedimos moitas cousas, pedimos que un programa "estrela", apoiado en todos os concellos, siga manténdose o apoio para el. E polo tanto, o único que nós sinalamos e pedimos aquí é que, igual ca noutras actuacións se instrumentaron expedientes de modificación de créditos, que se atenda a este concepto. Hai concellos moi pequenos que necesitan apoio financeiro para manter as aulas municipais, non só o que temos xa, a rede, financiada pola deputación, a través dun convenio coa Xunta de Galicia, senón o funcionamento propio das aulas, e apoio a programas de novas tecnoloxías. Pero xa, non esperemos, estamos a finais de xullo, o mes que vén non hai Pleno desta deputación, e entramos en setembro.

E a urxencia da terceira moción é absolutamente clara, no Pleno desta deputación, no orzamento, hai axudas para as asociacións de veciños, nos programas, con cantidades moi importantes, para promoción de asociacións, concepto 48999, para investimentos, bens adquiridos para entrega a terceiros, 62999, e subvencións de transferencias de investimentos, 78999. Estamos a falar de 403.250 euros, de 186.901 euros, e 327.721 euros. Tres programas moi importantes, con cantidades moi importantes, pero non se fixo a convocatoria aínda. Estamos a 30 de xullo, o único que se convocou foron as axudas do ano 2003, están sen convocar as axudas do ano 2004, temos o mes de agosto aí, e a nosoutros parécenos que é urxente, absolutamente urxente, que estas axudas se convoquen porque están no orzamento da deputación, e polo tanto non hai ningunha razón para non publicar as oportunas ordes, dado que o orzamento se aprobou no mes de febreiro e estamos a 30 de xullo. Esta é a urxencia que se solicita.

E tamén, neste recordatorio, nestes programas, eu teño que dicir e digo claramente, que cada un que asuma o seu -pero no seu momento tratarémolo-, cando se fala de centros da deputación, que a deputación constrúe en Santiago de Compostela, dise nos medios de comunicación, e téñoos aquí e déixollos ao secretario para que o incorpore ao expediente, de que hai que adquirir mobiliario (ao remate da sesión, D. Dositeo Rodríguez Rodríguez entrega ao secretario xeral unha folla do *Correo Gallego* con data do 19 de xullo de 2004, páxinas 21 e 22. Na páxina 21 figura un artigo co título "Catro novos centros veciñais incorpóranse á rede municipal"); os centros están amoblados todos, pola deputación, como é natural. Polo tanto, por favor, que non se digan cousas que non corresponden á verdade, agora vai resultar que o

mobiliario desapareceu. Simplemente fago esa constancia, e déixolle ao secretario despois copia desta comunicación na que se di que necesitaban amoblarse os centros, pois están amoblados pola deputación, e moi ben amoblados, por certo. Non ten que ver directamente coa moción, pero aproveitando que se trata dun tema que nos afecta directamente, paréceme necesario.

Resumindo, Sr. presidente: nós consideramos urxente a convocatoria das axudas 2004 incluídas no orzamento da deputación, e consideramos urxente que se deseñe un programa de apoio ás aulas informáticas dos 93 concellos da provincia, sobre todo dos concellos máis pequenos. Moitas grazas.

Sr. Torres Colomer

É unha cuestión de orde, no sentido de que no último Pleno eu entendía que -máis coa boa postura desa Presidencia-, que todas as mocións que se puxesen antes da convocatoria do Pleno entrarían a debate sen votar a urxencia, entón agora vostede propón, e eu entendo que estas mocións entraron antes da convocatoria do Pleno e deberían debaterse sen máis. Por cualificar iso, se vai ser así ou non, simplemente unha cuestión de orde para saber no futuro a forma de as presentar, se entendemos que as que se presentan antes da convocatoria de Pleno e con tempo suficiente se debaten, ou se van ir todas á urxencia. Simplemente decida vostede ou que se faga un informe xurídico sobre o tema para saber o que temos no futuro.

Sr. presidente

Grazas, Sr. Torres, a iso precisamente íalle responder ao Sr. Dositeo. Como vostede sabe, a potestade de facer a orde do día é do presidente, e como vostede sabe, vostedes nunca incluíron na orde do día as mocións que presentabamos os grupos da oposición na anterior etapa. Eu creo que, como criterio xeral, hai que incluír as mocións que presenta a oposición na orde do día, pero sempre que a oposición non pretenda substituír a capacidade potestativa do presidente para elaborar a orde do día. Por que non se incluíron estas mocións? Porque entendemos que ningunha delas eran de actualidade, porque as subvencións do ano 2003 de asociacións de veciños resolvíanse neste pleno, porque imaxinabamos que ía haber debate -non o houbo despois-, e formábase o debate, que a intención do grupo de goberno era sacar as bases da convocatoria do ano 2004 en setembro, é a opinión do grupo de goberno facelo en setembro. E non incluímos tampouco o de aulas informáticas porque entendiamos que foi debatido no Pleno anterior.

Pero quérolles responder, aproveitando para xustificar a non urxencia e o voto negativo do grupo de goberno á urxencia, dicirlles que me sorprende moito a intervención do Sr. Dositeo Rodríguez tocante a tratar de se apropiar a resolución das subvencións das asociacións de veciños a unha iniciativa do Partido Popular, parece que contra o criterio do grupo de goberno da deputación. É mesmo curioso como

xustifica na súa moción a demora: "polas causas de todos coñecidas, a convocatoria non puido resolverse no ano 2003": polas causas de todos coñecidas, é que na convocatoria do ano 2003 non puido resolverse porque o entón equipo de goberno considerou en época electoral máis prioritario destinar ese diñeiro a outras subvencións que ás que estaban previstas. E esta foi a razón, baleiráronse as partidas orzamentarias e non había diñeiro para atender esas subvencións. Polo tanto, nós agora estamos a resolver un problema que nós non creamos; nós estamos a resolver o problema. E mentres vostedes formulan mocións, nós damos solucións. Ese é un tema que está resolto. E está resolto desa forma, e resólvese agora e non se puido resolver cando dicía o Sr. Dositeo que falara comigo para que non se aplicase un criterio restritivo, dando a entender que non era legal ou era irregular, pero que se nos púñamos de acordo xa era legal ou deixaba de ser irregular, o feito de que compartamos todos un criterio, se non é legal ou irregular, segue sendo ilegal ou irregular, polo tanto atendémolo no momento que o poidamos atender, creamos unha partida co remanente de tesourería dispoñíbel, para atender este compromiso que tiña a deputación dende o ano 2003 e que porque en época electoral se decidiu facer outra cousa, deixouse a estas asociacións sen subvencións. Polo tanto, non entendiamos que fose urxente debater esta moción porque é un tema que está resolto. O ano 2004 resolverase en setembro coa publicación no Boletín Oficial da Provincia da convocatoria de subvencións.

Co tema de aulas informáticas, falamos disto nunha moción que presentou o grupo popular, o Sr. Dositeo Rodríguez no pleno anterior. Claro, primeiro, eu estou a visitar algúns concellos, están a funcionar as aulas informáticas en todos os que fun, e a deputación está a facer o mantemento de todas as aulas informáticas en todos os concellos da provincia, e as aulas informáticas teñen unha conexión permanente as 24 horas ao día con internet, que paga a deputación. Que pasa? Efectivamente había uns alfabetizadores dixitais que agora non están contratados, pero non están contratados porque non os contratase o grupo de goberno actual, porque estaban contratados ao amparo dun Plan "Labora", que tiña unha vixencia dun ano, e o contrato fíxoselles dende o 25 de setembro do ano 2002 até o 24 de setembro do ano 2003, e a partir do 24 de setembro do ano 2003 non se convocou, non se renovou, nin se fixo nada polo anterior equipo de goberno para solucionar esta situación.

Discrepamos profundamente nos criterios de actuación que tiña o anterior equipo de goberno, Sr. Torres, Sr. Dositeo, cremos que á deputación debemos de a meter en programas sempre buscando financiamento alleo, cousa que non se fixo; aquí rehabilitábase o Teatro Colón con fondos propios, cando se podía acudir a programas europeos ou convenios co Ministerio de Cultura para buscar un financiamento para esa rehabilitación, créase o Centro das Artes con programas propios, abórdase a restauración de Caaveiro con fondos propios, faise o programa de alfabetización con fondos propios, pero todo queda nunha nebulosa ao final. Entón, nós cremos, queremos, e informamos no anterior Pleno, que nos puxésemos en contacto con "red.es" e o Ministerio de Industria para facer un programa e pór en valor todas estas

aulas informáticas, e dende o mes pasado até este non temos nada que informar. Queremos que non só haxa alfabetización dixital, que isto sirva para moito máis, para facer programas de formación, que se poida dar formación a través de Internet e destas aulas de informática; programas de comunicación a través de correos electrónicos, videoconferencias. Niso estamos a traballar e queremos tamén buscar a colaboración da Xunta de Galicia para programas de formación e inserción laboral.

Polo tanto, temos un proxecto, gustaríanos buscar un financiamento adicional, e non queremos cargar á deputación con contratos de 93 persoas para atender isto, porque a situación á que nos está a levar o gasto corrente é insostíbel, fanse parques de bombeiros financiados exclusivamente con orzamento provincial, cando o que ten a obriga de facer os parques de bombeiros contribúe co 40%, a deputación co 60%, pero ese 40% a Xunta finánciao con programas europeos, a deputación -como é rica-, finánciao con fondos propios, e chega un momento en que subimos o gasto corrente, o gasto corrente, e que isto non dá para máis.

Polo tanto, temos importancia no programa de alfabetización dixital, no programa de novas tecnoloxías, mesmo foi unha cousa que presentamos o grupo socialista no anterior mandato corporativo, pero queremos buscar unha fórmula que nos permita atender a iso sen pór todos os recursos por parte da Deputación provincial, porque chegará un momento que o gasto corrente non chegue para pagar o que temos que facer e para facer os investimentos que é obriga da deputación facer.

Esas son as razóns polas cales non consideramos de urxencia introducir estes puntos na orde do día, e o criterio que preguntaba o Sr. Torres é, cando haxa unha moción que sexa de verdade algo que responda a algo de interese provincial, interese social, humanitario, tal, se porá, pero unhas cuestións que non respondan a este tipo de interese pois é a potestade do presidente facelo ou non. E eu lembro que neste caso estamos a aplicar -cos mesmos informes xurídicos que tiñan vostedes-, aplicando o criterio que tiñan vostedes, porque nunca nesta deputación se incluíu unha moción na orde do día que fose presentada con anterioridade.

Polo tanto, unha vez presentada a urxencia por parte do grupo proponente, sometemos a votación a urxencia... Si, Sr. Dositeo, brevemente, porque vostede tivo a palabra para argumentar a urxencia e eu estívenlle a dar as razóns polas que consideramos que non é urxente a votación desas tres mocións.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Simplemente era en relación ás súas declaracións, sobre algo que si me interesaba matizar, máis nada, tres conceptos moi claros.

O primeiro, que cando lle formulei a vostede o ano pasado ese tema, non é que fose ilegal ou irregular, senón que unha corporación en período de constitución non

puidese máis nada que facer asuntos de trámite, defendía os dereitos dos outros grupos que estaban presentes alí, que podían sentirse lesionados porque o que estaba a gobernar non tivese toda a lexitimidade por non estar acabado todo o proceso electoral. Polo tanto, se chegásemos a un acordo entre os grupos, non era ilegal nin irregular, era perfectamente válido, e así fose aceptado polos xurídicos da casa, porque estaba a defender os dereitos das minorías ou dos que non estaban a gobernar, se os que estaban a gobernar estaban de acordo podíaase perfectamente, legalmente, adoptar un acordo e ninguén obxectaría.

Segundo: Hai que lembrarlle que o Plan "Labora" finánciao ao 100% a Xunta de Galicia, e que se ben o Plan "Labora" rematou o ano pasado, pódese pedir este ano outro Plan "Labora", e o ano que vén outro "Labora", é dicir, poidamos contar con xente do programa "Labora", que non lle custa diñeiro á deputación, pero que a deputación fai a contratación, e prestar un apoio a través do programa "Labora". Polo tanto, damos emprego a mozos que doutra maneira non estarían a traballar, e lle damos un emprego útil, polo tanto non se trata de cursos.

E por último, simplemente, creo que sería bo que vostede, como presidente desta casa, fíxese unha visita pola Deputación de Barcelona, creo que é a deputación -ao meu xuízo-, a mellor deputación de España nestes momentos, e verá o que a Deputación de Barcelona dedica ás tecnoloxías da información, e á difusión da sociedade da información, e aos programas que a propia Deputación de Barcelona financia. Ese era o obxectivo que nós seguíamos, era unha deputación socialista, como se fôra do conchinchín; era unha boa deputación e nós seguimos ese modelo porque nos parecía moi importante, e por suposto, grazas a iso agora pódense formular programas novos, se non fixésemos un esforzo inicial hoxe non poderíamos formular programas de colaboración. Moitas grazas.

Sr. presidente

Grazas, Sr. Dositeo. Eu voulle responder simplemente a unha cuestión, o outro son opinións e isto é un feito que non se pode discutir. Había un auto do Tribunal Superior de Xustiza que obrigaba a repetir as eleccións en Fisterra e a non constituír a deputación até que se celebrasen as eleccións en Fisterra e dicía, entre outras consideracións, que "impedía que a Corporación en funcións adoptase compromisos económicos que comprometesen ao próximo goberno". Un auto do Tribunal Superior de Xustiza. Ímolo cumprir, ou cumpriuse, na súa totalidade.

A continuación sométese a votación a urxencia das mocións

Primeira moción, sobre Apoio veciñal 2003.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (PP)
Votan en contra: 16 deputados (11- PP e 5- BNG)
Abstéñense: Ningún.

Decaе a moción.

Segunda moción, sobre Apoio veciñal 2004.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (PP)
Votan en contra: 16 deputados (11- PP e 5- BNG)
Abstéñense: Ningún.

Decaе a moción.

Terceira moción, sobre os Programas de aulas informáticas municipais.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (PP)
Votan en contra: 16 deputados (11- PP e 5- BNG)
Abstéñense: Ningún.

Decaе a moción.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remátase a sesión sendo as dezanove horas e corenta minutos, redactándose a presente acta, e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu o secretario, dou fe.